

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 5

SESION ORDINARIA 29 DE ABRIL DE 2013

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e nove de abril do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a membro

da Xunta de Goberno Local, dona Olga Alonso Suárez e mailo Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratarlos asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(62).- ACTAS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DO 25 DE FEBREIRO DE 2013.

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do día 25 de febreiro de 2013.

(63).- INTERVENCIÓN PERANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DUN REPRESENTANTE DA PLATAFORMA DE AFECTADOS POLAS PREFERENTES E SUBORDINADAS VIGO-VAL MIÑOR. EXPTE. 645/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no rexistro do Pleno do 19 de abril, número 645/1101, o representante da Plataforma de Afectados polas "Preferentes e Subordinadas Vigo-Valmiñor", don Xosé Manuel Estévez Rodríguez, solicita a intervención perante o Pleno da Corporación.

Don Xosé Manuel Estévez Rodríguez, procede a ler o escrito citado co seguinte texto:

"Puntos que se expoñen:

Punto 1: Compromiso de respecto en todo momento por parte dos membros da Plataforma.

Punto 2: Solicitud de compromiso por parte de tódolos membros dese Pleno.

Punto 3: Petición de compromiso de redacción, firma e envío de petición de derogación de RD 6/2013 de 22 de Marzo, RD 24/2012 de 31 de Agosto e do MOU de data de 20 de Xullo, nos puntos referentes ao trato de tenedores de híbridos aos

que se nos somete, e polo tanto a conseguinte quita que debemos asumir.

Punto 4: Petición e dimisión inmediata dos actores asinantes de Fusión das Caixas, así como esixir responsabilidades si procederan.

Punto 5: Solicitud de copia de informe de KPMG, para valoración do mesmo e posibilidade de esixir responsabilidade civil debido á falla de acerto no seu diagnóstico.

Punto 6: Elaboración dun escrito solicitando información actualizada ó Instituto Galego de Consumo, NovaGaliciaBanco e aos Xulgados.

Punto 7: Dar traslado á entidade e responsables do FROB sobre a posibilidade de creación dun fondo dende o cal amortizar parcialmente os aforros dos afectados. Valorar e traballar en ideas semellantes e outras alternativas.

Con respecto ao primeiro punto:

1) Facer saber a este Pleno, que teñen vostedes o Compromiso dende a Plataforma de Afectados, de respecto total cara aos plenos, e outras actividades que se realicen no proceso ordinario, dende a unidade e conxunción dos distintos partidos políticos que conforman mediante dereito, ditos plenos. Os motivos, ámbolos dous relacionados:

-Evitar frear o desenvolvemento cotián e necesario avance da cidade de Vigo, así como entorpecer o mínimo posible ao resto dos cidadáns no seu cotián vivir. Conscientes, que aínda sendo moitas as familias afectadas nesta cidade, hai moitas máis familias nas que non ten que repercutir esta situación de estafa, non directamente na economía da vila; comercios, bares, supermercados, etc.

-Evitar infrinxir as distintas normativas vixentes coas nosas protestas diarias, evitando con isto sancións, agravamento, hostilidades, que iran exponencialmente na nosa contra, así como non darlles a algúns de vostedes pe a escusar as faltas de concreción ou finalización dos distintos proxectos, ademais da busca de captar audiencia e lanzar dardos envelenados en contra doutros. Lémbrolles que representan ao meu pobo, a miña cidade e rógolles que demostren esa actitude correcta, da cal estamos nós dando unha boa mostra ata o día de hoxe e tendo en conta a situación tanto física como emocional que vimos soportando, créanme que non en poucas ocasións houberamos roto normas contra moitos impresentables que deberían estar engaiolados.

2) Solicitud de compromiso para que os tres grupos traballen conxuntamente

para e en pos do beneficio dos cidadáns de Vigo afectados por esta estafa masiva. Dito compromiso ha de ser referendado pola súa actitude como representantes legais en sufraxio universal elixidos. Non entendemos desde a Plataforma de Afectados certas “actuacións” dirixidas máis a captar a simpatía de certos grupos de afectados e outros colectivos que a verdadeira resolución de conflito. O mero feito de instar por instar, por ser portada de noticia, aínda cando se sabe de antemán que non servirá máis que para iso, ou poñerse unha camiseta que esixe un respecto cara a quen con tanto dolor e sufrimento a levan, dende hai preto xa de un ano e medio, non é honorable e non o imos permitir. Moito menos o dicir que herdamos doutros, ou que se xestaron noutras etapas, ou como dixo unha eurodeputada galega en Bruselas o mércores pasado, na Comisión de Peticións, “os que foron ao arbitraje na súa maioría son do PP”. Iso é unha grave acusación cara a imparcialidade suposta do proceso da arbitraje, e gustaríanos que explicara en que datos se basea para emitir tal acusación, pois a ideoloxía política de cada un dos afectados que conseguiron mediante “laudo” recuperar os seus aforros, non está rexistrada ningunha casilla do contrato, nin do laudo, nin nos consta que figure en ningún lugar. Este tipo de actuacións non nos axuda, ao contrario, increpa aos uns contra o goberno, aos outros contra os que din tales mentiras, e todos perdemos ao desviarse a atención do asunto en cuestión. Fomos estafados, ese é o estado real e solicitamos axuda de vostedes para buscar unha solución.

3) Compromiso de redacción, sinatura e curso, dirixido ao goberno autonómico e estatal, así como a cada un dos partidos políticos con representación no Parlamento de España, e ambas cámaras; Congreso e Senado, dunha petición conxunta dende o Concello de Vigo, formado por os tres grupos con representación, así como a calquera outro grupo político que desexe adherirse, de solicitude en firme de derogación do RD 6/2013, segundo o cal vémonos obrigados a asumir unha quita, así como a derogación do RD 24/2012 de 31 de Agosto de 2012 de Reestruturación e liquidación de entidades de crédito, dando ao FROB poder para liquidar, reordenar, etc. Dita lei imponnos unha quita a través dos órganos de xestión do propio goberno tildándonos erroneamente de “inversores” tenedores de produtos híbridos segundo o capítulo VII de dito RD; Xestión de Instrumentos híbridos (artigos dende o 37 ao 49). Queda claro a día de hoxe rondando os 16.000 laudos ditados en Galicia, que non somos tenedores de híbridos, así mesmo queda

claro que o Sr. Presidente do Goberno de España non atinou ao dicir que o préstamo o pide a banca cando posteriormente queda plasmado por escrito que o propio país quen asume tal petición. Máis alá dera a impresión, que todos estes pasos elaborados con sumo interese estaban previstos para resolver dun modo favorable á banca e obviamente desfavorable ao pobo, de aí que con dúas participacións dende o FROB unha de 1.162 millóns inxectados en Decembro de 2010 e outra de 2.400 millóns en Setembro 2011, fágase co control absoluto de NGB eludindo incluso xunta de accionistas, pode excluír posibles inversores, ampliar capital. É dicir concedéselle o poder absoluto sobre NGB, se a elo lle sumamos que Antonio Carrascosa, ata agora director xeral de Política Económica do Ministerio de Economía, polo tanto suxeito ás ordes do Sr. De Guindos, é o novo responsable do FROB, é como dicir sen marxe de engano, que De Guindos controla o FROB, facendo e desfazendo ao seu antollo.

Así mesmo, haberá de terse en conta a petición de pre instrución comprometida con Europa, no Memorándum de Entendemento, na que se solicita dende o estado unha suma de diñeiro en base a un préstamo para sanear o sistema bancario, segundo o cal nos artigos 15 punto segundo e 18 dise que os tenedores de produtos híbridos han de soportar unha gran absorción de perdas axudando a soportar a carga das perdas. Posteriormente no artigo 25 recoñece que a venda de produtos subordinados é unha práctica que debe verse reformada para protección dos clientes.

Nestes puntos hai que clarexar a CE, ABE, FMI e BCE, mediante escrito claro e preciso que os que constan como tenedores de híbridos, realmente só nunha pequena proporción o son realmente, e que na súa maioría son estafados polo sistema bancario ó cal se pretende sanear.

Así mesmo, haberá de incluírse para compensar esa diferenza de carga no soportada, e segundo consta nas propias normas das entidades, como orden de prelación das entidades que os accionistas deben asumir a carga de perda necesaria para equiparar as cifras minoradas aos tenedores de produtos híbridos que haxan promovido vía arbitraje, ou vía xudicial, una devolución dos seus aforros, habendo sobradamente constatado polas diferentes sentenzas, e laudos realizados, os cales teñen valor equiparable ao da sentenza firme que non son realmente tenedores de produtos tóxicos, se non enganados polas entidades e

debe haber polo tanto nulidade de contrato, pois habendo vicio no consentimento, e non poucos casos de fraude de lei, segundo os artigos 6 e 7 do CC, estafa segundo o artigo 248 do Código penal e outros que puideron probarse en casos individuais, como falsidade documental, dolo, etc. Entendemos que non poden soportar carga algunha agás aqueles que dende as propias entidades se probe que realmente son inversores, segundo as distintas directivas de 2004, 2006 e Directiva 2004/39/CE de 19 de Decembro de 2007.

4) O Compromiso de asinar conxuntamente unha petición de dimisión inmediata dos actores físicos cuxos nomes figuran na acta da sinatura da fusión das Caixas, que influíu directa e proporcionalmente nos resultados da actual situación de estafa na que nos vemos implicados a día de hoxe arredor de 75.000 galegos. Así mesmo, entendemos que se debe valorar por parte do Ministerio Fiscal ademais de polo propio Concello de Vigo, se esas persoas puideran ser responsables de acto con indicios de presunta falta ou responsabilidade civil derivada da súa actuación. Segundo escritos recibidos por parte de dous grupos, non se nos ofrecen datos sobre quen asina tal acta, pero si se nos di que non se ten constancia de haber visto informe que avala dita decisión de asinar a fusión das Caixas, coa perda que elo supón para a cidade de Vigo. Dicar, que nada temos en contra dos distintos grupos políticos, é máis, entendemos que debemos permanecer á marxe de calquera ideoloxía no referente ás tarefas que se realicen dende o seno da Plataforma, para o bo funcionamento da mesma, pois entendemos que como integrantes de dita Plataforma hai persoas con distintas ideoloxías e todas merecen o máximo respecto.

5) Elaboración de escrito dirixido por parte dos tres grupos, aos respectivos grupos solicitando copia do informe realizado segundo o cal a auditora KPMG avala a sinatura da fusión, e que enzalza o propio Presidente da Xunta de Galicia nun acto parlamentario. Dito escrito irá dirixido conxuntamente ao Ministerio Fiscal para valoración de actuación contra a auditora xa que o que o Presidente da Xunta di garantir tal auditora en informe non se cumpre, lonxe diso, lévanos a unha situación desesperada, que acentúa a propia crise, sendo por isto valorable imputar a esa auditora pola súa responsabilidade en dito informe.

6) Solicitar mediante escrito, documentación actualizada periodicamente, (semanal) tanto do IGC, como polo poder xudicial, como por parte da entidade

NGB. Elaborar un cuestionario estándar con preguntas significativas que conducen a obter unha claridade do funcionamento do sistema de arbitraje, do propio banco e dos xulgados. Datos sobre laudos diarios, semanais, en estudo, casos resoltos, pendentes de recibir ditame, en espera de ser chamados, solicitudes de arbitrajes tramitadas, recibidas, cantas por Preferentes, cantas por Subordinadas, denuncias presentadas, polo Civil, polo Penal, sentenzas favorables, desfavorables...

7) Buscar unha fórmula dende a cal se xere mediante un pacto político/social, entre estado, banco e clientes. Un acordo, que asegure o capital nominal en todo caso, establecendo unha cláusula que incluía a devolución dos aforros, garantindo polo propio estado a devolución do 100% dos aforros podendo estar vinculada a diversas escalas de temporalidade segundo distintas modalidades que puideran recollese en pacto. Para iso sería preciso elaborar un estudo sinxelo do montante necesario para crear dita bolsa de fondos, partindo do capital total pendente de devolver aos afectados, e partindo dende este montante velo prazo de tempo que poderíamos usar como referente, para que dende unha parte podamos ir recuperando os fondos sen pasar penurias, repercutindo positivamente mediante uns intereses proporcionais á temporalidade de “rescate” con condicións de perdas na mesma proporción no caso de non cumprir o acordo pactado, pero en ningún caso negar o dereito a recuperar o montante nominal inicial completo. Dende a outra parte, o banco, ve as necesidades para sen sufrir unha situación irreversible, ir conxugando eses capitais para conseguir fondos suficientes mediante empréstitos, accións, colocación de produtos, venta de inmobles, empresas etc., para ir remunerando en cada prazo temporal as devolucions acordadas.

Como exemplo, poderíamos partir de cinco fraccións, co cal no cómputo de catro anos recuperaríamos o aforro completo, podería chegarse incluso a máis longo prazo, dependendo das necesidades reais do clientes e dos intereses a percibir.

Cen partes, das que este exercicio recupera vinte, quedando as outros oitenta en depósito cun interese paralelo á temporalidade. Supoñamos un 3%, revisable en función do mercado, o en función do acordo inicial.

O segundo ano recupero outro 20% quedando en depósito o 70%, xerando un interese dun cuarto de punto máis alto, é dicir ao 3,25% (habendo recuperado o 40% da miña inversión).

O terceiro ano recupero outro 20% quedando en depósito un 40%, xerando un o

40% restante outro cuarto de punto percibindo intereses do 3,5% (habendo recuperado o 60% dos meus aforros).

O cuarto ano recupero outro 20% quedando en depósito un 20% que xeraría un interese do 3,75% (habendo recuperado o 80% dos meus aforros).

O quinto ano recuperaríase o 100% dos meus aforros máis un dividendo extra de ao menos un punto porcentual do montante total nese intervalo, é dicir suma de nominal máis suma de intereses percibidos.

Este sistema podería aplicarse en prazos máis longos, conseguindo na última fase un interese maior.

Habería que ter en conta ao menos a dous tipos de casos, persoas de moita idade, que se supón non lles queda moito tempo para gozar dos seus aforros, e persoas con moito esforzo para chegar a final de mes debido á falla de ingresos demostrables mediante Declaración da Renda.

Outra fórmula de captación de capital para ese fondo social, podería ser acordar compra/venda de vivendas que a día de hoxe están embargadas, computan como pasivo, e que acabarán formando parte do Banco Malo, SAREB. Esta base debería servir para que aquelas persoas no seu día non puideron pagar a hipoteca e se quedaron sen vivenda habitual, poidan ter opción á recompra, téndose en conta o valor xa amortizado na etapa anterior. Para iso habería que analizar o valor das mesmas en función do custo real, valor real, valor non percibido, capacidade de absorción de letra por parte do comprador, o rehipotecar o mesmo tendo presente o anteriormente exposto.

Obviamente a fórmula principal para a creación desa bolsa é a participación do propio estado, con capital e con garantías suficientes. Pedíronse esforzos a bancos para achega de derrama extraordinaria de entre 1.500 e 2.000 millóns de euros, con ese capital podería darselle saída a unha gran parte dos afectados do país. En Galicia suponse que a quita que se vai a levar a cabo supón a perda de 700 millóns de euros. Se fraccionamos a mesma en cinco dividendos, sae unha cifra de 120 millóns de euros moito máis asumible de repoñer cada ano que todo o montante á vez.

Outros factores a ter en conta para reaxuste de capital, intereses e outros puideran ser descontos ou desgravacións en cotas fixas ou variables dende outros organismos, estatais ou mediante convenios, tales como catastral, impostos sobre

a renda, circulación etc.

Calquera outra fórmula que aporten solvencia e capacidade para a creación de esa bolsa dende a cal responder ás necesidades dos afectados por Participacións Preferentes e Débeda Subordinada.

Entendemos que estas cifras son orientativas e que habería que valorar a posibilidade de que os afectados mediante enquisa asumiran como bo ese acordo. Así mesmos cóstanos que o estado español está nunha situación moi delicada nestes días e isto é o que nos fai pensar en dita posibilidade como viable, se ben non é xusta para os aforradores estafados e así o facemos constar.

Solicitamos dende a Plataforma de Afectados Vigo Val Miñor, axuda dende os distintos grupos para buscar alternativas e traballar nelas na busca de solucións que repercutan directamente na recuperación do nominal de afectados.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias Sr. Estévez Rodríguez pola intervención con claridade meridiana e apuntando ben aos obxectivos. A fago chegar aos grupos.

Non se tendo solicitado ningunha intervención por parte dos membros da Corporación, a Alcaldía-Presidencia dá as gracias pola súa presenza ao Sr. Estévez Rodríguez.

(64).- INTERVENCIÓN PERANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DUN REPRESENTANTE DO SECTOR NAVAL DA COMARCA NOS SINDICATOS UXT, CCOO E CIG.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 25 de abril, documento número 130046244, don Diego Atanes Dacal, don Ramón Sarmiento Solla e don Cesar Rodríguez Martínez, en calidade de responsables do sector naval da Comarca nos sindicatos UXT, CCOO e CIG, solicitan a intervención dun representante no próximo Pleno para propoñer unha moción en defensa do sector naval e da economía da comarca.

Intervén no Pleno Don Ramón Sarmiento Solla:

SR. SARMIENTO SOLLA: Bos días a todos. Gracias ao Pleno da Corporación por darnos voz neste día, queremos trasladar a esta Corporación, aínda que somos plenamente conscientes que están ao día do problema que acontece no sector da nosa cidade, pero cremos que é vital dado que temos comprobado a distorsión que se está xerando na nosa cidade sobre a problemática do sector, lembrar algunhas cifras e algunhas datas. Lembrarlle ao Pleno desta Corporación que dende hai tres anos o sector do naval leva perdido na nosa cidade máis de dez mil empregos, que se levan pechado, peches por inanición, máis de duacentas empresas auxiliares, que un dos motores, dos piares da nosa economía, hoxe só é capaz de mobilizar escasamente mil empregos na nosa cidade e que o drama do paro, do desemprego dos traballadores do naval estase vendo na obriga, na necesidade de sobrevivir desprazándose a traballar e a facer máis competitivos sectores industriais doutros países da Comunidade Europea.

No mes de febreiro, escasamente 10.400 traballadores provenientes do naval forman parte das listas do desemprego da nosa provincia, o resto, é unha resta sinxela, son aproximadamente 9.000, están desprazados por outras rexións do país que si foron capaces de manter a actividade naval en activo, e por outros países de Europa.

Estamos a días de que se cumpran dous anos de que un estaleiro como Barreras permaneza coas súas gradas baleiras, que Vulcano faga dous anos baleiro e que se incorpora a esa dramática lista Freire dende fai unhas semanas.

Os problemas do sector naval lonxe de estar a piques de arranxarse permanecen exactamente igual, seguimos ameazados pola retroactividade nas axudas do Tax-Lease, que supoñemos que algún día se resolverá pero non porque esteamos calados, prevemos que se vaia resolver de forma favorable. Seguimos atenazados polos problemas de financiamento, seguimos poñendo en cuestión os problemas de abalamento público que son imprescindibles para a viabilidade do sector, e este que era un problema de país hai tres anos, hoxe temos que dicir que tan só é xa un problema de dúas cidades en Galicia e xa dúas comunidades no país. O sector naval privado, xa só queda en Asturias, no País Vasco, en Vigo e en Ferrol, perdón en Vigo, en Ferrol é público tamén ameazado pola mesma circunstancia,

probablemente con outros matices engadidos.

O que queremos reclamar deste Pleno é que esixamos fundamentalmente á Administración Autonómica, tamén á Administración Central, non se pode permanentemente pretender anestesiar o que está pasando con este sector nesta cidade, viaxando a onde non están os problemas do sector, que están en Madrid e en Bruselas, non están en México. Sen embargo, tense decidido resolver os problemas do sector cunha campaña permanente dicindo que o sector está a punto de recuperar a actividade, as semanas pasan e o que se vai incorporando á lista son desempregados e empresas que teñen moitas posibilidades de risco de continuar a súa viabilidade.

O que queremos reclamar é que esta cidade, que da crise do sector está sendo a máis afectada, que non renuncie a conservar a actividade naval, que non renuncie a conservar un motor da súa economía e que esixa menos campañas que resolvan os problemas a golpe de titular e de viaxe e máis viaxes a onde están focalizados os problemas do sector, que están en Madrid no Ministerio de Industria, no Ministerio de Facenda, no de Economía, que están sendo mesquiños á hora de artellar solucións ao problema do sector, e a Bruselas que sinta a presión dos afectados de Vigo, das tres forzas políticas que están presentes neste Pleno e que esixamos da Comisión da Competencia unha resolución con seguridade xurídica, ao réxime anterior e que permita incorporar o sector da nosa cidade a esa crecente demanda que está tendo a actividade naval en Europa e da que os nosos estaleiros están véndose desprazados polos complicitades duns e máis doutros.

Moitas gracias a este Pleno e pedirvos todo o apoio, as capacidades para facer presión ante as tres administracións que están sendo quen, por omisión ou por acción, de paralizar a nosa actividade e que traballemos por recuperar e darlle esperanza a tódolos desempregados da nosa comarca, que teñen a necesidade de ter no sector do naval unha vía de esperanza para recuperar o emprego e recuperar as posibilidades de vida sen ter necesidade de recorrer á emigración para resolver unha lacra con outro drama.

Moitas gracias a todos.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. Sarmiento, en todo caso eu quería manifestar dende a Alcaldía o noso apoio absoluto ao sector naval de Vigo, de Galicia e de

España neste momento tan complicado, comprometer o noso esforzo para tratar de conseguir unha resolución activa ao problema do sector naval.

Ao mesmo tempo, quero mandar o noso apoio e a nosa aceptación de tódalas reivindicacións que no nome dos afectados por preferentes e subordinadas, fixo o Sr. Estévez Rodríguez. Quero dicir que este goberno vai a mostrar de forma perenne o seu compromiso con todos aqueles afectados nesta cidade, moitas gracias Sr. Sarmiento.

Non se tendo solicitado ningunha intervención por parte dos membros da Corporación, a Alcaldía-Presidencia dá as gracias pola súa presenza ao Sr. Sarmiento Solla.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se realizaron.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(65).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA REITORA DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES, DE ADHESIÓN DE DITO ORGANISMO AUTÓNOMO AO REGULAMENTO REITOR DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1309/11 (635/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 26 de marzo de 2013, a Xunta Reitora do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a adhesión do Organismos Autónomo “Instituto Municipal dos Deportes” o Regulamento Reitor do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión do 28 de xaneiro de 2013.

Segundo: A proposta de adhesión se fundamenta na adecuación do texto a

realidade administrativa do Organismo Autónomo “IMD” de acordo cos seguintes aspectos:

a. Nas referencias o Concello de Vigo será de aplicación o de “Instituto Municipal dos Deportes”.

b. En relación a estrutura organizativa e laboral do IMD, a composición da Comisión xestora do Fondo de Acción Social, deberá ser adecuada a estrutura do IMD, do que se desprende que o órgano competente para a xestión do persoal do IMD, establecese no Presidente da Xunta Reitora do IMD, e os asesores da comisión serán adecuados a propia estrutura técnica do IMD.

c. O Fondo de Acción social (FAS) constitúese coas dotacións orzamentarias previstas nos correspondentes Orzamentos do IMD, para cada exercicio económico, nos termos e condicións e cos límites e contías establecidas no artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo 1999- 2002, e modificado polo acordo plenario do Concello de Vigo de data 28 de xaneiro de 2013, polo cal o desenvolvemento no IMD, en relación a súa contía terá unha aplicación proporcional.

d. Dar conta do presente acordo ao Pleno da Corporación Municipal.

e. Publicar o acordo no BOP e na paxina Web municipal.”

Con data 22.04.2013, a Comisión Informativa de Xestión Municipal queda enterada de dito acordo.

DEBATE.- SR. FIDALGO IGLESIAS: Vostedes traen a Pleno porque o esixe a lei o estado de execución de ingresos e gastos correspondentes ao primeiro trimestre do 2013, deixando a un lado os erros de vulto nalgúns gráficos que xa o dixemos e advertido o ano pasado nalgúns pon 2007 en vez de 2013, tendo en conta que estamos analizando o primeiro trimestre do ano e que aínda hai marxe suficiente de mellora, o Partido Popular quere lanzar unha advertencia á Sra. Concelleira, Sra. Díaz, por favor non se durma. Dicímosllo porque comprobamos como na execución de ingresos e gastos tamén empeoramos. Polo lado dos ingresos, os dereitos recoñecidos este ano baixan do 16% no 2012 a un 12% no 2013. Polo lado dos gastos, a porcentaxe de pagos do Concello baixa de case un 94% en 2012 ao 90% ao 2013, e iso que os gastos sóenselle dar bastante ben, porque gastar dáselles bastante ben. Tan só en tres meses fundíronse vinte millóns de euros da Tesourería,

a pesar de que non pareza que luza demasiado porque a cidade, como logo imos ver posteriormente nunha moción do Partido Popular, está chea de fochas e buratos.

O que si conviría é clarexar algunhas cuestións relativas á saúde económica do Concello que non é para ir presumindo, nin moito menos. Porque hai que dicilo e imos repetilo cantas veces sea necesario, cando o Partido Popular deixou de gobernar neste Concello, vostedes atopáronse unha situación económica moi favorable, cunha Tesourería boiante e cunha débeda que se reduciu de cento oito millóns a corenta e sete.

Pero agora as cousas xa non van tan ben, vostedes subiron a débeda a cen millóns de euros e ademais teñen o curioso honor de conseguir que Vigo sexa o Concello de Galicia onde máis crece a débeda no último ano, vostedes aínda por enriba presumen, o seu xa é incomprendible, inadmisible, non é nin serio, nin presentable, é absolutamente impresentable. Rétolle a que me demostre por escrito que Vigo non é o Concello de Galicia onde máis crece a débeda no último ano, porque subiu o ano pasado 9,7 millóns de euros, en A Coruña sete millóns, que é menos que 9,7; en Santiago de Compostela 5,5 e outras cidades como a de Pontevedra, descende. Porque Vigo tampouco é o Concello menos endebedado de España, pagamos de interese máis de 2,3 millóns de euros ao ano, un 25% máis que o ano pasado, pagamos intereses aos bancos. Falando de bancos esta semana asistimos ao penúltimo exemplo da dobre moral do Alcalde, xa é que non incumpra os acordos plenarios, é que incumpre as súas propias propostas, enchéselle a boca de dicir que os bancos que desafiúcen non traballarán para o Concello, e logo quita a licitación un préstamo de nove millóns de euros e no prego de condicións, casualidade, esquecésele de poñer esta cláusula para que os bancos que desafiúcen non traballen co concello. O propio Interventor no seu informe di que o único criterio que se tivo en conta é a oferta económica e senón o Sr. Interventor que o constate, ese é o único requisito que pon no prego de condicións do préstamo, Sr. Interventor? Pode contestar? Non pode contestar o Sr. Interventor?

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A verdade é que unha ven a estes Plenos con ánimo tranquilo, pero o certo é que a medida que escoito as mentiras do Partido Popular unha non se acostuma, xa levamos seis anos e non me acostumo a que o Partido Popular, día

tras día, en tódolos Pleno veña coa mentira.

Dime que lle demostre as cousas en papel, xa as demostrou o Ministerio de Hacienda, está na páxina do Ministerio que a débeda deste Concello é de 55,7 millóns de euros, iso supón un 25% de endebedamento. Cando vostedes abandonaron este Concello a débeda era de 66,5 millóns, é dicir, rebaixámola case un 20% e a porcentaxe de débeda que vostedes tiñan era dun 33%. Eu creo que está confundindo os datos coa Deputación de Pontevedra, quen debe 100 millóns de euros e así o constatou o Tribunal de Contas, que é a máis endebedada de toda Galicia.

Cando fala do préstamos volve a mentir descaradamente, porque se vostedes observan as cláusulas do préstamo hai unha cláusula sétima que fala da devolución do préstamo e establece que en calquera momento e ante calquera causa entre as que contemplamos a existencia de desafuzamento, está aquí “o excelentísimo Concello poderá anticipar en calquera tempo a amortización total ou parcial do capital no cumprimento das súas demais obrigas”, aí está, polo tanto en calquera momento este Concello, ante calquera causa que considere, entre elas o desafuzamento e moitas máis que contemple este Concello, pode cancelar en calquera momento o préstamo que teña coas entidades, cousa que vostedes non facían.

De novo menten cos datos, porque o Orzamento que levamos é de 240 millóns de euros, porque o que se adxudicou xa en prestacións de servizos aos cidadáns son sesenta e dous millóns de euros, porque o que xa vai comprometido en obras de infraestruturas para os cidadáns é de 10,3 millóns de euros, o que se deu en subvencións ás entidades deportivas e culturais no que vai de ano son dez millóns de euros, que o que se pagou en Tesourería son 57,5 millóns de euros, que estamos a pagar en 35 días, en cantos días paga a Xunta? Que o diga, porque non o pudo dicir o seu Conselleiro, que paga en menos de 50 días e aínda así temos unha Tesourería de 71 millóns de euros. O máis importante é que detrás destas cifras están os feitos, paseen pola rúas de Vigo e miren novos espazos deportivos abertos como o Pavillón de Candeán, e a Casa dos Maiores onde teñen un servizo de teleasistencia que vostedes na Deputación quitáronlle, vaian tamén aos colexios, aos comedores e coman con eses nenos que agora teñen unha bolsa de comedor gracias a este Concello porque vostedes dende a Xunta de Galicia quitáronllo, e

vaian e compartan os libros porque vostedes dende a Xunta de Galicia tamén llos quitaron, e vaian ás escolas infantís da Xunta en onde teñen que pagar catro veces máis que unha escola infantil, esas son as diferencias entre os que si gobernan na cidade de Vigo e os que falan, porque vostedes só fan iso, falar. Canto investiu a Xunta en Vigo? Nada. Canto investiu a Deputación en Vigo? Nada.

Agora o Goberno na loita polo emprego tirou a toalla, acaba de dicir que non vai facer nada polo emprego, pois este goberno non, nesta cidade é necesario máis que nunca políticas activas de emprego e van neste Orzamento: 5,5 millóns de euros para políticas directas de creación de emprego pero ademais 15 millóns en inversións para crear emprego, así é como se traballa por unha cidade e non mentindo como fan vostedes. Digan que é o que está facendo a Xunta en Vigo en políticas activas de emprego e en políticas de inversión, nada. Que é o que está facendo a Deputación en políticas activas de emprego en Vigo e en inversión, nada. Vostedes acaban de dicir que na oficina de apoio ao emprendedor atendéronse solicitudes para que os nosos mozos puideran traballar no estranxeiro, a min caíaseme a alma aos pes, porque aqueles que temos familiares que tiveron que ir ao estranxeiro sabemos o duro que é para unha nai, un fillo, ou un irmán que se teña que ir a traballar fora, se o atopa. Hai que buscarlles traballo aquí, onde viven, nacen, comen, onde está a súa familia, amigos, onde está a súa vida e vostedes o venres acaban de renunciar a iso, vostedes si que tiraron a toalla, nós nunca a tiraremos e seguiremos traballando polo emprego nesta cidade.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.2(66).- DAR CONTA DO INFORME DO ESTADO DE EXECUCIÓN DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2013. EXPTE. 102154/140.

ANTECEDENTES.- O interventor xeral municipal, por escrito de data 10 de abril de 2013, informa do que segue:

“Asunto: Estado de Execución do Estado de Gastos e Ingresos do orzamento correspondente ao Primeiro trimestre do 2013, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 105 da ORDEN EHA 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2013, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ó Pleno da Corporación, por conducto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao primeiro trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 31 de marzo de 2013.

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final.

En canto os estados consolidados, a información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada. As institucións consolidadas son: A Entidade Local, o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.

Adxúntase igualmente un estado consolidado relativo a recadación e pagamentos tanto de orzamento corrente como de pechados.”

No expediente figuran dezasete cadros contables debidamente numerados e dilixenciados por esta Secretaría Xeral do Pleno

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 22 de abril, tomou coñecemento de todo o anterior.

A Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do contido do presente expediente.

3.3(67).- PROPOSTA REFERENTE Á RECTIFICACIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, DANDO DE BAIXA O CAMIÑO CASTAÑAL R-1. EXPTE. 18947/240 (636/1101).

ANTECEDENTES.-Mediante escrito, de data 10 de abril de 2013, o xefe do servizo de Patrimonio Sr. Rodríguez Cadarso, co conforme da concelleira delegada da área, formula informe que nos seus fundamentos de feito di:

“Primeiro.- No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo Plenario de 4 de maio de 1993, consta no seu Epígrafe I-Vías Públicas, a seguinte rúa: ramal 1 do cño. Castañal, con inicio no propio cño. Castañal e remate en finca particular nº 7, dunha lonxitude de 15 m e sección media de 2 metros, e grafiada como vía pública na folla 20-23 da cartografía de viais.

Segundo.- O Xulgado de 1ª Instancia nº 8 de Vigo, no Xuízo Verbal Ordinario 627/2012 seguido, interposto por Da. Josefa Fraga Conde, ditou sentenza en data 23 de xaneiro do 2013 na que estimando a demanda formulada declara propiedade da demandante o inmovible inscrito no IMBD como ramal 1 do Cño. Castañal, condenando o Concello a estar e pasar por dita declaración debendo restituír á demandante o terreo reivindicado.

Sentenza firme da que deuse conta á Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 22 de febreiro do 2013.

Terceiro.- A teor do contido da sentenza, interesouse do servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo proposta de rectificación da cartografía municipal de viais (folla 20-23) os efectos de proceder a rectificación inventarial en cumprimento e execución desa resolución xudicial.

O Topógrafo Municipal, emite informe o pasado 14 de marzo, achegando plano da folla cartográfica 20-23 do Inventario Municipal de Bens-Viais, coa rectificación gráfica resultante.

Cuarto.- Consecuente co que antecede, e dado o deber das Administracións Públicas e demais entidades públicas e privadas do respecto e cumprimento das sentenzas e demais resolucións xudiciais que sexan firmes ou executivas de acordo coas leis, tal e como dispón o art. 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, cumpre nos termos sinalados na sentenza do Xulgado de 1ª Instancia nº 8 de Vigo, proceder a rectificación no IMBD do seu Ep. I Vías, dando de baixa o R-1 Cño. Castañal e rectificando a grafía da folla 20-23 de acordo coa proposta do Servizo de Cartografía que consta no expediente.

Quinto.- Resulta competente para a adopción do acordo de rectificación do Inventario Municipal o Pleno Municipal, de acordo co disposto no artigo 34 do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais. “

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación na súa sesión do 22.04.2013, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

PRIMEIRO.- Aprobar a rectificación do Epígrafe I Vías Públicas do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, dando de baixa o camiño Castañal R-1, e anulando súa grafía reflectida na folla 20-23 da cartografía de viais, de acordo coa proposta do servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo do 14 de marzo do 2013.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo os interesados, servizos municipais correspondentes e a Xerencia Municipal de Urbanismo.

3.4(68).- PROPOSTA REFERENTE Á RECTIFICACIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, DANDO DE BAIXA A RÚA CRUZ R-2 (BEMBRIVE). EXPTE. 18735/240 (637/1101).

ANTECEDENTES.-Mediante escrito, de data 10 de abril de 2013, o xefe do servizo de Patrimonio Sr. Rodríguez Cadarso, co conforme da concelleira delegada da área, formula informe que nos seus fundamentos de feito di:

Primeiro.- No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo Plenario de 4 de maio de 1993, consta no seu Epígrafe I-Vías Públicas, a seguinte rúa: RÚA CRUZ R-2 con orixe na rúa Cruz e remate en finca particular nº 52, dunha lonxitude de 40 ml, sita na parroquia de Bembrive, e grafiada como vía pública na folla 21-33 da cartografía de viais.

Segundo.- O Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no procedemento Ordinario 26/2011, seguido no recurso contencioso administrativo interposto por D. Manuel Gato González, ditou sentenza en data 14 de febreiro do 2013 na que estimando dito recurso, anula o acordo impugnado e condena a esta administración a rectificar o Inventario municipal no senso de excluír do mesmo dito camiño procedendo a súa baixa inventarial.

Sentenza firme da que deuse conta a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 15 de marzo do 2013.

Terceiro.- A teor do contido da sentenza, estimando a rectificación inventarial instada polo recorrente, o que ven a afectar a consideración de vía pública que resulta do Inventario municipal dese ramal 2 da Rúa Cruz, interesouse do servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo proposta de rectificación da cartografía municipal de viais (folla 21-33) os efectos de proceder a rectificación inventarial en cumprimento e execución desa resolución xudicial.

O Topógrafo Municipal, emite informe o pasado 8 de abril, achegando plano da folla cartográfica 21-33 do Inventario Municipal de Bens-Viais, coa rectificación gráfica resultante.

Cuarto.- Consecuentemente co que antecede, e dado o deber das Administracións Públicas e demais entidades públicas e privadas do respecto e cumprimento das sentenzas e demais resolucións xudiciais que sexan firmes ou executivas de acordo coas leis, tal e como dispón o art. 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, cumpre nos termos sinalados na sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, proceder a rectificación no IMBD do seu Ep. I Vías, dando de baixa a Rúa Cruz R-2 e rectificando a gráfica da folla 21-33 de acordo coa proposta do Servizo de Cartografía que consta no expediente.

Quinto.- Resulta competente para a adopción do acordo de rectificación do Inventario Municipal o Pleno Municipal, de acordo co disposto no artigo 34 do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais. “

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación na súa sesión do 22.04.2013, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

PRIMEIRO.- Aprobar a rectificación do Epígrafe I Vías Públicas do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, dando de baixa a Rúa Cruz R-2, sito na parroquia de Bembrive, e anulando súa grafía reflectida na folla 21-33 da cartografía de viais, de acordo coa proposta do servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo do 8 de abril do 2013.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo os interesados, servizos municipais correspondentes e a Xerencia Municipal de Urbanismo.

3.5(69).- PROPOSTA DA NON ACREDITACIÓN DA TITULARIDADE MUNICIPAL NO EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN REFERENTE AOS VIAIS TRAVESÍA DA HORTA; RÚA PINO INTERIOR; RÚA NAVARRA (INTERIOR E CONTINUACIÓN). EXPTE. 19160/240 (638/1101).

ANTECEDENTES.-Mediante escrito, de data 26 de marzo de 2013, o xefe do servizo de Patrimonio Sr. Rodríguez Cadarso, co conforme da concelleira delegada da área, formula informe que nos seus fundamentos de dereito di:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RBEL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións

públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- O Pleno Municipal, en sesión ordinaria do 26 de decembro de 2011 acordou: Primeiro.-Iniciar expediente de investigación de oficio da titularidade municipal das seguintes vías no ámbito do APR 5-39-VIA NORTE :

TRAVESÍA DE HORTA: Superficie destinada a camiño público de 111, 50 m² á que se accede dende a Rúa Pino, cos seguintes lindeiros:

Norte: en liña de 27,15 metros coas seguintes parcelas:

- Travesía de Horta núms: 2 (ref. catastral 4262503NG2746S0001TQ); 4 (ref. catastral 4262504NG2746S0001FQ) e 6 (ref. catastral 4262505NG2746S-0001MQ).

Sur: en liña de 25,45 metros coas seguintes parcelas: Rúa Pino 131 (ref. catastral 4262509NG2746S0001DQ) e Travesía de Horta 1-3 (ref. catastral 4262508NG2746S0001R).

Leste: coa Rúa Pino.

Oeste: en liña de 4,57 metros coa seguinte parcela: Travesía de Horta 5-7 (ref. catastral 4262506NG2746S0001OQ).

RÚA PINO INTERIOR: Superficie destinada a camiño público de 347,57 m² á que se accede dende a Rúa Pino, entre os números 113 e 121, cunha lonxitude quebrada total duns 75 metros, cos seguintes lindeiros:

Norte: en liña quebrada de 77,70 metros coas seguintes parcelas:

Rúa Pino núms: 121 (ref. catastral 4262523NG2746S0008MIDQ); 117 (ref. Catastral 4262524NG2746S0001WQ); 115 (ref. catastral 4262525NG-2746S0001AQ); 113(l) (ref. catastral 4262526NG2746S0001BQ); e 111(l) (ref. catastral 4262509NG2746S0001DQ) .

Sur: en liña quebrada de 76,71 metros coas seguintes parcelas:

Rua Pino núms: 113 (ref. catastral 4262530NG2746S0001YQ); 111 (ref. catastral 4262531NG2746S0001GQ); 109 (ref. catastral 4262532NG2746S0001QQ); 107 (ref. catastral 4262533NG2746S0001PQ), 105 (ref. catastral 4262534N-G2746S0001LQ); 103 (ref. catastral 4262535NG2746S0001TQ); 101(l)(ref. catastral 4262529NG2746S0001QQ); 99(l) (ref. catastral 4262528NG2746-S0001GQ); 97(l) (ref. catastral 4262539NG2746S0001KQ);e 95 (ref. catastral 4262540NG2746S0001MQ).

Leste: coa Rúa Pino.

Oeste: en liña de 5,49 metros coa seguinte parcela: Rúa Pino nº 93.

RÚA NAVARRA INTERIOR (A): Superficie destinada a camiño público de 193,60 m² á

que se accede dende o encontro entre a Rúa Navarra e Pino, entre os números 14 da Rúa Navarra e 87 da Rúa Pino, cos seguintes lindeiros:

Norte: en liña descontinua coas seguintes parcelas:

Rúa Navarra núms: 2 (ref. catastral 4262544NG2746S0001DQ); 6 (ref. catastral 4262546NG2746S0001IQ); 8 (ref. catastral 4262548NG2746S0001EQ); e 12 (ref. catastral 4262550NG2746S0001JQ).

Sur: en liña descontinua coas seguintes parcelas: Rúa Navarra núms: 14 (ref. catastral 4262551NG2746S0001EQ) e 16 (ref. catastral 4262552NG2746S0001SQ), e coas rúas Navarra e Pino.

Leste: coa Rúa Pino e coas seguintes parcelas: rúa Pino 87 (ref. catastral 4262543NG2746S0004UR); Rúa Navarra 2 (ref. catastral 4262544NG-2746S0001DQ) e 4 (ref. catastral 4262545NG2746S0001XQ).

Oeste: en liña de 5,49 metros coas seguintes parcelas: rúa Navarra núms: 10 (ref. catastral 4262549NG2746S0001SQ); 12 (ref. catastral 4262550NG-2746S0001JQ) e 14 (ref. catastral 4262551NG2746S0001EQ).

RÚA NAVARRA (CONTINUACIÓN): Superficie destinada a camiño público de 74,70 m², cunha lonxitude duns 28 metros en continuación da Rúa Navarra, cos seguintes lindeiros:

Norte: coa Rúa Navarra entre os números 25 e 13.

Sur: nun fronte de 2,05 metros coa parcela seguinte: Rúa Navarra 23 (ref. catastral 161629NG2746S0001IQ).

Leste: en liña quebrada de 27,76 metros, coas seguintes parcelas:

Rúa Navarra núms: 15 (ref. catastral 4161633NG2746S0001JQ); 17 (ref. catastral 4161632NG2746S0001IQ); 19 (ref. catastral 4161631NG2746-S0001XQ) e 21 (ref. catastral 4161630NG2746S0001DQ).

Oeste: en liña de 28,53 metros coas seguintes parcelas: Rúa Navarra núms.: 25A (ref. catastral 4161624NG2746S0001OQ); 23(E) (ref. catastral 4161625NG2746S0001KQ); 23(D) (ref. catastral 4161626NG2746S0001RQ); 23(C) (ref. catastral 4161627NG2746S0001DQ) e 23(B) (ref. catastral 4161628NG2746S0001XQ).

Segundo.- Someter polo procedemento regulamentario a información pública o presente acordo, dando traslado do mesmo á Xunta de Galicia e Administración do Estado, e notificación aos interesados.

Segundo.- No expediente incorporáronse os informes e demais documentación, que en relación á ditos camiños foron emitidos e constan sobre as actuacións previas

efectuadas para determinar a procedencia no inicio do procedemento de investigación, entre eles a solicitude da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 24 de marzo de 2011 do inicio dun expediente de investigación destes, xunto cos planos e documentación achegada.

Durante a Instrución do expediente, consta a emisión dos seguintes informes polos diferentes servizos municipais e a aportación de documentación diversa:

- Informe descritivo e gráfico dos camiños efectuado polo servizo de cartografía da XMU en data 01.04.2011.
- Informe do servizo de Fomento de data 01.04.2011 e 06.10.2011 sobre os servizos cos que contan ditos viais, achegando a información emitida ao efecto polas distintas entidades e dependencias municipais (Telefónica, Aqualia, e taller de Vías e Obras).
- Informe do Servizo de Vías e Obras do 04.05.2011
- Informe do Servizo de Electromecánicos do 04.07.2011
- Informe do Servizo de Limpeza do 30.04.2012

Terceiro.- Consonte co disposto no art. 49 do RBEL o acordo de inicio do expediente foi publicado no BOP nº 23 do 2 de febreiro do 2012 , con expresión das características identificativas das parcelas obxecto de investigación, e tamén foi exposto no taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante un prazo de 15 días, dando traslado del tanto á Administración do Estado como á Administración Autonómica, emitindo esta última informe o 6 de febreiro de 2012 no que afirma que consultado o Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Comunidade Autónoma non constan inscritos os bens investigados.

Cuarto.- Así mesmo, o acordo de inicio notificóuselle, como interesados no expediente, os propietarios das parcelas colindantes cos tramos de camiños obxecto de investigación, constando segundo certificación da secretaria do goberno local do 12.04.2012 a presentación das seguintes alegación durante o período de información pública a que someteuse o expediente: Da. María Rodríguez Alonso e outros, Da. Irene Vázquez Alvarez, Da. María Dolores Miguel Martínez, D. Jose Manuel Cernadas Castro, Da. Beatriz Mariño Lamela, Da. María Castro Cid (SLINK SL), e D. Roberto Luis Pablos Fernández.

Os alegantes nos seus escritos sosteñen a titularidade privada dos bens obxecto de investigación, estimando que trátanse na súa maior parte de camiños para servizo de fincas ou servidumes de paso, sen que concorra titularidade pública algunha sobre os mesmos, solicitando se concluía determinando a súa titularidade privada.

Quinto.- Remitidas as alegacións formuladas o Servizo de cartografía da XMU para seu informe, emítense este en data 1.08.2012, no que tralo análise destas e da documentación achegada conclúe sinalando:

CONCLUSIÓN:

Á vista da documentación que se aportan nas escrituras, pódese deducir-lo seguinte:

TRAVESÍA DE HORTA
privada

Xustificada, totalmente, a súa titularidade

PINO INTERIOR

Xustificada, totalmente, a súa titularidade privada

NAVARRA INTERIOR (A)
privada

Xustificada, totalmente, a súa titularidade

NAVARRA CONTINUACIÓN (B) *Non se pode concluír sobre a súa titularidade dun xeito definitivo, ó non dispor da totalidade das escrituras que dan fronte a dito camiño.*

Sexto.-Sometido o expediente a período de proba, e comunicada esta os interesados no procedemento, foron presentadas diversas proposición de práctica de proba, quedando resoltas sobre súa admisión e práctica por Resolución da Concelleira Delegada de Patrimonio de 17.12.2012.

Sétimo.- No tramite de audiencia concedido os interesados no procedemento, trala conclusión da tramitación do expediente, foron presentadas alegacións nas que mantense por estes a titularidade privada dos terreos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- As Entidades Locais, na súa condición de Administracións Públicas de carácter territorial, e na esfera das súas competencias, teñen a potestade de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens, segundo resulta do disposto no art. 4.1.d da LRBRL.

Esta facultade permite que a Administración se poida atribuír con efectos constitutivos a titularidade dun determinado ben, cun efecto inmediato, cal é a súa inclusión nos inventarios administrativos correspondentes e no Rexistro da Propiedade.

Polo tanto, acreditada a titularidade municipal, de modo certo, a través dos medios de proba que obren no expediente de investigación, o ben de que se trate inscribírase no Inventario de Bens e Dereitos do Concello, con expresión, entre outros, do título en virtude do que se atribúe dita titularidade á Administración, (art. 20 RBEL) e arquivando dun xeito separado e en especial os títulos de dominio, actas de valoración e deslinde, consignando como último dato a sinatura do lugar do arquivo no que obre dito soporte documental.

Consecuentemente co anterior, a través do procedemento de investigación tramitado, trátase de probar con certeza a titularidade municipal dun ben, neste caso das vías cuestionadas, e de documentala mesma.

Segundo.- O procedemento administrativo para o exercicio de dita potestade investigatoria, regulase no RBEL nos art. 45 e ss, establecendo o seu art. 46 a

posibilidade do seu inicio por vía de denuncia ou de oficio pola propia Corporación a iniciativa, no seu caso, de calquera outra Administración que en virtude dos deberes de información mutua e colaboración, poña en coñecemento os feitos, actos ou circunstancias que servan de base ao exercicio da acción.

No mesmo senso a LRXAP e PAC sinala que os procedementos poderán iniciarse á solicitude da persoa interesada ou de oficio por acordo do órgano competente, por propia iniciativa ou como consecuencia da orde superior, petición razoada doutros órganos ou por denuncia (arts. 68 e 69.1 LRXAP e PAC).

Atendendo a dita facultade acordouse polo Pleno municipal a incoación de oficio do expediente de investigación en relación ós devandito camiños, o resultar das dilixencias previas levadas a cabo con anterioridade (art. 48 RBEL) indicios dunha posible titularidade municipal, que determinan a procedencia do seu exercicio.

Terceiro.- Esta potestade investigadora das AAPP, se enmarcan dentro dos medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas, ao igual que acontece coa obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, con suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). Dito inventario autorizarase polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e unha copia do mesmo e das súas rectificacións remitiranse á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, correspondendo ao Pleno Municipal a competencia para súa aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

Se ben o Inventario Municipal de bens e dereitos é un rexistro administrativo, que por si mesmo non proba, crea, nin constitúe dereito algún a prol da Administración (neste senso o art. 33.4 da LPAP sinala, en relación a Administración Xeral do Estado que, o Inventario non ten a consideración de rexistro público e os datos nel reflectidos non surten efectos fronte a terceiros nin poden ser empregados para facer valer dereitos fronte á propia Administración), nembargantes suponse unha presunción da súa titularidade, constituíndo ó mesmo tempo unha ferramenta básica de información e na xestión interna do patrimonio, así como para o exercicio das facultades que o ordenamento xurídico lles recoñece ás AAPP respecto a este.

O feito de que este Concello de Vigo dispoña dun Inventario Municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, e que non figurase rexistrado no seu Epígrafe I como vía pública municipal os camiño obxecto de investigación, motivou xunto co resultado das actuacións previas, a necesidade da investigación acordada que producira entre outros efectos, de resultar favorable, a súa alta nese IMBD.

Cuarto.- Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración

de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Quinto.- Instruído o procedemento de investigación, e a teor dos informes e documentación que obra no expediente, pódese deducir que no presente caso, concorren os seguintes feitos e circunstancias en relación coas vías investigadas:

- a) Pola súa configuración física, as Travesía da Horta; rúa Pino interior; rúa Navarra (interior); e rúa Navarra (continuación) correspondense con viais en fondo de saco, que tendo seu orixe nuhas vías públicas rematan en terreos particulares, servindo de acceso as fincas as que dan servizo.
- b) Ditas vías, segundo resulta do informado pola inspección de vías e obras municipais, dispondrían na súa maioría de pavimentación de formigón ou asfáltico, non tendo beirarrúas (salvo zoas puntuais), e sen que se teña constancia da data na que levouse a cabo a súa construción nin de que veñan facendo labores de mantemento, sinalándose o respecto polo servizo que “ tanto a pavimentación del vial como a construción de beirarrúas parecen haber sido realizadas por los veciños “.
- c) Outros servizos instalados: De acordo cos informes emitidos polos servizos municipais, todas elas dispoñen de alumeadado público e do servizo de limpeza (salvo rúa Navarra interior); do de auga na Travesía da Horta e a rúa Navarra continuación; carecendo pola contra dos servizos de saneamento e de recollida de RSU.
- d) Das alegacións presentadas polos interesados no expediente, o longo do procedemento, mantense polos comparecentes en todo momento a natureza privada de ditos viais, considerándoos como zonas de paso ou servidumes para as fincas colindantes e de uso exclusivo dos veciños propietarios, negando súa titularidade pública.
- e) A documentación achegada o expediente relativa os títulos de propiedade de diversas fincas colindantes, veñen a corroborar a condición de camiño particular, entrada de servizo de fincas, ou servidume, termos todos eles que reflectan ó carácter privado deses camiños que considerase xustifico totalmente, a excepción da navarra interior por non dispoñer de suficiente documentación, polo servizo de cartografía da XMU.

Sexto.- Tal como se ten exposto, o Concello no ano 1993 aprobou, tralos traballos revisorios levados a cabo, un inventario municipal de Bens e dereitos, no que reflectiuse as vías públicas de uso municipal que considerábanse pertencentes a administración municipal. No devandito inventario non figuran as vías obxecto de investigación como viais municipais, feito que pode responder a que nas datas nas que efectuouse dito inventario non se tiña constancia documental na que basear unha posible titularidade municipal, tendo en conta a necesidade de arquivo e consignación dos documentos (títulos de dominio, actas de deslinde) que refrenden os datos do Inventario (art. 30 RBEL).

As AAPP veñen obrigadas a formar un inventario de todos seus bens e dereitos, calquera que sexa súa natureza ou forma de adquisición. Neste senso cabe recordar que os modos de adquisición recoñecidos pola lexislación patrimonial son todos aqueles previstos no ordenamento xurídico, e particularmente os sinalados no art. 15 da LPAP. Partindo da ausencia de documentos que costaten unha posible titularidade pública deses vías, esta pode derivar, como acontece en moitos outros camiños ou vías de uso público, nunha posesión continuada que dende tempo puidera vir facendo esta Administración e do seu uso público por parte dos veciños.

Así, o art. 22 da LPAP dispón que as AAPP poderán adquirir bens por prescripción con arranxo ó establecido no código civil e nas leis especiais. (Nos mesmos termos art. 270, 271 e 275 da LALG).

O CC no seu art. 1940 e seguintes regula a prescripción do dominio e demais dereitos reais mediante súa posesión en concepto de dono, pública, pacífica e non interrompida, e que poderá alcanzarse sen necesidade de xusto título nin boa fe pola posesión non interrompida durante trinta anos (art. 1959 CC).

Pois ben, das circunstancias que concorren no presente caso referente as vías obxecto de investigación, non pódese determinar de xeito concluínte que se deran os requisitos legais esixidos para poder entender que operou o instituto da prescripción adquisitiva. As características das vías, rematando en fondo de saco e polo tanto non servindo de comunicación entre outras vías públicas, limita o seu posible uso público veciñal, entendendo por tal a utilización por unha xeneralidade indeterminada de persoas ó server soamente de acceso ás fincas colindantes as que presta o servizo; o feito de que non conste que a pavimentación e mantemento desas vías sexa municipal (o contrario, presúmese que foi realizada polos propios veciños); as manifestacións dos propietarios das parcelas colindantes persoados no procedemento, ou que os servizos municipais conclúan que a documentación achegada o expediente reflicte unha titularidade privada destes, son todos eles feitos que non responden a unha posesión dominical polo Concello deses terreos.

Pola contra, a existencia dalgún servizo público como o alumeadado, auga ou servizo de limpeza; ou o feito de que figure na cartografía do Catastro, podería presuponer unha posesión pública, pero por si mesmos non estímense coa suficiente entidade para poder concluír acreditada a prescripción adquisitiva extraordinaria do seu dominio, xa que os actos posesorios para que sexan aptos a ditos efectos, deberá constar feitos en concepto de dono (ó non aproveitar para ditos fins, os feitos pola mera tolerancia do seu dono art. 1942 CC), de xeito continuado e polo prazo de 30 anos, presupostos, que nun exercicio de valoración conxunta cos demais datos, informes e probas que resultaron trala instrución do expediente, non estímense concurrentes, descoñecéndose a data na que implantáronse e principiou a prestación destes. Por outra banda cabe recordar, como sinala a STS de 2 Dic. 1998, que o Catastro afecta só os datos físicos da finca (descrición, lindeiros, contido, etc.) nada máis, non sinta ningunha presunción de posesión dominical en favor do que nel aparece propietario, polo que si as certificacións catastrais no proban a propiedade, no pasan de ser meros indicios que necesitan conxugarse con

outros medios probatorios, con máis razón no poden ser tampouco por sí mesmas proba dunha posesión a título de dono.

Sétimo.- Por todo elo, de acordo co informado, e trala valoración feita dos datos e circunstancias concorrentes trala instrución do expediente, pódese concluír que no presente caso non estimase a existencia de indicios probatorios suficientes para considerar acreditada a demanialidad pública das vías investigadas que puidera determinar a procedencia dunha declaración de titularidade, ante a ausencia dun título xurídico (títulos de dominio ou constitutivos de dereitos, actas de deslinde, etc) na que basear súa pertenza o patrimonio municipal e conseguinte alta inventarial.

Oitavo.- Resulta competente para a adopción do acordo resolutorio do exercicio da facultade de investigación o Pleno Municipal, de acordo co disposto no art 123.1.m LRBRL.

Por todo o anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

En data de 8 de marzo, o secretario xeral do Pleno emite informe que, transcrito literalmente di:

“Asunto: Expediente de investigación sobor a titularidade de diversos viais no ámbito da APR 5-39- VIA NORTE.

Lexislación aplicable:

LBRL.- Lei 7/1985, de 2 d e abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

RBEL.- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

TRRL.- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

LPAP.- Lei 33/2003, de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas.

Cod. Civil.- Código Civil.

Antecedentes: A xerente da XMU, mediante escrito de data 24.03.2011, diríxese á Oficina de Patrimonio do Concello advertindo que para a correcta xestión e execución urbanística da APR 5-39-VÍA NORTE, especialmente no que se refire ao cálculo dos aproveitamentos urbanísticos, resulta necesario instruír expediente de investigación respecto da titularidade de diversos viais existentes no ámbito. No escrito indícase que en tales viais existen indicios de titularidade municipal.

O Concello Pleno, en sesión de 26.12.2011, ao abeiro do previsto nos artigos 4. d) e 46. 1º da LBRL, acorda iniciar expediente de investigación respecto dos seguintes viais:

- Travesía de Horta, dunha lonxitude aproximada de 27,15 m. e unha superficie de 111,50 m².
- Rúa Pino Interior, dunha lonxitude aproximada de 83,49 m. e unha superficie de 347,57 m².
- Rúa Navarra Interior, dunha lonxitude aproximada de 26,84 m. e unha superficie de 143,60 m².
- Rúa Navarra Cont., dunha lonxitude aproximada de 27,96 m. e unha superficie de 74,70 m².

Nas dilixencias previas e no expediente instruído constan, entre outras, as seguintes actuacións:

- Informe do 01.04.2011, descritivo e gráfico do Servizo de Cartografía da XMU.
- Informe do 01.04.2011 e 6.10.2011 do Servizo de Fomento, achega información doutras entidades.
- Informe do 04.05.2011 do Servizo de VV e OO.
- Informe do 04.07.2011 do Servizo de Electromecánicos.
- Informe do 30.04.2012 do Servizo de Limpeza.

Cumprindo o previsto no art. 49 do RB, o acordo de inicio foi publicado no BOP de data 02.02.2012, exposto no taboleiro municipal, trasladado ás Administracións Estatal e Autonómica e notificado aos interesados (propietarios das parcelas colindantes), presentando algúns deles escritos achegando distinta documentación e sostendo a titularidade privada dos viais obxecto de investigación.

Á vista das alegacións presentadas, en data de 01.08.2012, o Servizo de Cartografía da XMU emite informe no que se conclúe que débese entender totalmente xustificada a titularidade privada dos viais, "Travesía de Horta", "Pino Interior" e "Navarra Interior". Respecto do vial "Navarra Continuación", advirte que non se pode concluír sobor a titularidade de xeito definitivo.

O expediente someteuse a período de proba e, rematada a súa instrución, á audiencia dos interesados.

O 26.03.2013 emite informe-proposta o xefe de Servizo de Patrimonio, nos fundamentos de dereito, entre outras consideracións, fai constar que, examinados os títulos de propiedade aportados, os viais son "fondos de saco", utilizados para acceso as fincas colindantes non servindo de comunicación entre outras vías públicas. Continua manifestando que non se dan os requisitos legais esixidos para entender que operou, respecto dos distintos viais, o instituto da prescrición adquisitiva (posesión en concepto de dono, pública, pacífica e non interrompida durante trinta anos, art 1.959 Cod. Civil) e que a existencia dalgún servizo público nalgún deles (alumeado, saneamento ...) non é por si mesma, razón suficiente para considerar que os viais ostenten un uso público.

O artigo 122.5.e) 3º da LBRL advirte que corresponderá ao secretario xeral do Pleno o asesoramento legal a este órgano en asuntos da súa competencia cando así o esixa unha lei. O artigo 34 do RBEL sinala que corresponde ao Pleno do Concello a comprobación do Inventario de Bens, é dicir, a inclusión, ou non, nese rexistro

administrativo dos viais obxecto de investigación. Os artigos 54.3 do TRRL e 9 do RBEL sinalan que os acordos para o exercicio de accións necesarias para a defensa dos bens e dereitos das Entidades Locais -entre estas as derivadas da potestade de investigación- adoptaranse previo ditame do secretario do Concello. Cumprindo este mandato emítense o seguinte,

INFORME

A prerrogativa da potestade de investigación, art 4.1.d) LBRL, é froito do deber da Administración na defensa e protección dos seus bens e dereitos, art. 28 LPAP. Ten por obxecto pescudar en sede administrativa a situación xurídica daqueles bens cuxa titularidade non consta de xeito certo, pero sobre os que existen presuncións de que tal titularidade puidera corresponder ao Concello, art. 45 RB.

En definitiva, a Administración, sen acudir o xuíz civil, decide por se mesma (*interdictum proprium*) se concorren os requisitos de feito necesarios para exercer a potestade de recuperación (posesión inmediata) que se exercerá no suposto de que o expediente de investigación conclúa resolvendo favorablemente sobre a presunción de titularidade municipal. Non obstante, esta resolución, revisable ante a xurisdición contenciosa, tan só ten efectos administrativos -recuperación do *ius possessionis*-. A declaración da titularidade -*ius possidendi*-, corresponde, como é obvio, aos Tribunais ordinarios da orde civil mediante xuízo declarativo, art 55.1 RB.

No expediente incoado trátase de determinar se determinados viais existentes no ámbito da APR 5-39-VÍA NORTE son de uso público ou se son meras "servidumbres de paso", precisando no primeiro caso as súas características e acordando a súa taxación, inclusión no Inventario e, no seu caso, inscrición no Rexistro da Propiedade, art. 47. d) LPAP.

O expediente de investigación tramitouse no prazo sinalado no art. 47. e) da LPAP, segundo o procedemento que sinalan os artigos 45 e seguintes do RBEL.

O expediente conclúe propoñendo ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, acordo no que se indica que sobre os viais en cuestión *non resulta acreditada a titularidade pública municipal*, nin consta dun modo certo a existencia de ningún dereito do Concello de Vigo. O expediente non menciona a existencia de confusión de límites con viais municipais colindantes.

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación na súa sesión do 22.04.2013, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Primeiro.- Declarar que non resulta acreditada a titularidade pública municipal, nin consta dun modo certo a existencia de dereito ningún do Concello, sobre as vías investigadas no ámbito do APR 5-39-VÍA NORTE: Travesía da Horta; Rúa Pino interior; Rúa Navarra (interior); e Rúa Navarra (continuación).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo a Xerencia Municipal de Urbanismo e demais interesados no expediente.

Terceiro.- Proceder ao arquivo do expediente.

3.6(70).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DAS LICENCIAS URBANÍSTICAS E OUTRAS FORMAS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1021/400 (631/1101).

ANTECEDENTES.-Mediante escrito, de data 4 de marzo de 2013, a técnica de administración xeral co conforme da xefa da Área Técnica e da Xerente de Urbanismo, formula o seguinte informe-proposta:

“Antecedentes:

A necesidade da elaboración e aprobación dunha ordenanza xustifícase tanto na resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 25/01/2013 como na exposición de motivos do proxecto da Ordenanza toda vez que, a nova lexislación evolucionou nos termos da Directiva 2006/123, cara a simplificación dos procedementos e a introdución do control a posteriori no exercicio do outorgamento de licenza.

A obriga de traspoñer á lexislación nacional a devandita Directiva efectuouse a través da Lei 17/2009, d 23 de novembro sobre o libre acceso ás actividades e servizos e ao o seu exercicio e da Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ó seu exercicio.

Tanto a Lei 17/2009, d 23 de novembro como a Lei 25/2009, de 22 de decembro, introducen reformas normativas que sentarán as bases do contido normativo do RD-lei 19/2012. Destacan de estas reformas as modificacións operadas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do

procedemento administrativo común, ao introducir o art. 39 bis, regulando os principios de intervención das Administracións Públicas para o desenvolvemento dunha actividade e o artigo 71 bis, onde se regula a figura da declaración de responsable e comunicación previa, o que supón a carga que recae sobre o cidadán de notificar á Administración o inicio dunha determinada actividade e que cumpre cos requisitos establecidos na normativa para acceder ao recoñecemento dun dereito o facultade ou o seu exercicio. As devanditas figuras permiten iniciar unha actividade privada sen esperar ningunha actuación previa da Administración Pública.

A transposición da Directiva 2009/123 afecta en segundo lugar e en canto nos interesa á Lei 7/1985 ,de 2 de abril reguladora das bases de réxime local ao modificar o artigo 84 introducindo o sistema de control a posteriori no exercicio da potestade de control administrativo.

Neste marco normativo se aproba o RD-lei 19/2012, cuxa importancia merece destacar no ámbito da Administración Local en canto afecta directamente ao réxime dos actos de control sobre actividades e obras, dando un paso máis lonxe das previsións legais da Directiva 2006/123, establecendo a necesidade de que os entes locais adapten as súas ordenanzas a esta norma.

Coa aprobación da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos introdúcese o réxime de comunicación previa ou declaración previa ás estacións ou instalacións radioeléctricas utilizadas para a prestación de servizos de comunicación electrónicas dispoñibles para o público, a excepción daquelas nas que concorran as circunstancias referidas no artigo 2.2 da devandita lei, ocupen unha superficie superior de 300 a metros cadrados, computándose a tal efecto toda a superficie incluída dentro do valado da estación ou instalación, tratándose de instalacións de nova construción, teñan impacto en espazos naturais protexidos.

No ámbito fiscal e co obxecto de non prexudicar ao erario público municipal, a Lei 2/2011 de 4 de marzo de Economía Sostenible que modifica o artigo 20.4.i) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada por RDL 2/2004 de 5 de marzo, permite esixir taxas polo outorgamento das licenzas de apertura de establecementos así como pola realización da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos pola lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo.

O Real Decreto-lei adapta a regulación do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, á nova regulación, coa incorporación da declaración de responsable o a comunicación previa no feito imponible do referido imposto. Así modifica os artigos 100, apartado 1, 101, apartado 2 e 103, apartado 1, relativos ao feito imponible, ao suxeito pasivo do contribuínte e á xestión do imposto.

No ámbito autonómico e en liña co anterior, a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 13/2010, de 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia sometendo as actividades comerciais non suxeitas ao trámite de incidencia, efecto ou impacto ambientais, nin ao informe da consellería titular da competencia en

sanidade, ao réxime de comunicación previa ou declaración previa.

O Concello de Vigo, en aras de adaptarse á nova normativa, aproba en data 30/11/09 o proxecto de "Adopción de medidas de transposición da Directiva 2006/123/CE e de aprobación da Ordenanza específica de adaptación básica da tramitación de licenzas urbanísticas e medioambientais", proxecto elaborado pola Comisión Técnica de Adaptación da Normativa Local á Directiva de Servizos constituída mediante resolución do Alcalde de data 21/07/09.

Asemade se ditan as seguintes resolucións:

- Resolución do delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 24/01/11 da que tomou coñecemento o Consello da Xerencia en sesión de data 27/01/11 pola que se aproba a aplicación do sistema de comunicación previa e o seu modelo para o exercicio de actividades relacionadas no catálogo que se anexaba a mesma, resolución que foi modificada mediante resolución do delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 08/02/11 modificando o catálogo anexo de actividades consideradas inocuas, suxeitas ao réxime de comunicación previa.
- Resolución do delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 18/02/11 pola que se aproba o réxime de comunicación previa e o seu modelo para a execución de obras menores previstas no catálogo anexo.
- Resolución da concelleira delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos de data 31/05/12 pola que se modifica a comunicación previa e o seu modelo de impreso para o desenvolvemento de actividades comerciais ou de servizo relacionadas no catálogo anexo I e se aproba a comunicación previa e o seu modelo de impreso para o desenvolvemento de actividades comerciais ou de servizo relacionadas no catálogo anexo II que conleven a execución de obras de acondicionamento no local.
- Resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 22/01/2013 sobre adaptación do réxime de comunicación previa á lei 12/2012 do 26 de decembro de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Atendendo o novo réxime dos instrumentos de intervención e a vontade de prestar uns servizos que respondan ás necesidades e expectativas dos cidadáns de maneira eficaz e eficiente se presenta o proxecto de ordenanza.

A presente Ordenanza, pretende dar cobertura xurídica a aplicación destes novos procedementos reguladores de actuacións comunicadas, acomodadas ao ordenamento vixente, ditándose en virtude da autonomía local constitucionalmente recoñecida, que garante aos municipios personalidade xurídica propia e plena autonomía no ámbito dos seus intereses, e que lexitima o exercicio de competencias de control das actividades que se desenvolvan no seu termo municipal.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- En consonancia co disposto nos artigos 2 e 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante LBRL), modificada na súa

redacción polas Lei 11/1999, do 21 de abril e Lei 57/2003, do 16 de decembro, o artigo 25.1 do mesmo corpo legal, dispón que o Municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Segundo a alínea 2.b) do devandito art. 25, exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, en materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística, protección da salubridade pública, patrimonio histórico e protección do medio ambiente.

Segundo.- Ao abeiro do disposto no artigo 4.1. a) da LRBRL e 6.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia, que recoñecen potestade regulamentaria e de autorganización aos municipio, este Concello na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial e sempre dentro do ámbito das súas competencias, pretende regular a través da presente Ordenanza os novos procedementos reguladores das actuacións declaradas ou comunicadas, acomodadas ao ordenamento vixente, determinando en que supostos é de aplicación a técnica de intervención administrativa a través de “Comunicación Previa”, “Declaración Responsable”, ou ben se manterá, excepcionalmente, por aplicación do art. 5 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, o sometemento a licenza ou outros actos de control preventivo, ademais de regular un procedemento simplificado de licenzas comunicadas. Remitímonos á exposición de motivos da Ordenanza na que se xustifica o encadre da mesma no ordenamento xurídico vixente.

Terceiro.- E virtude da potestade regulamentaria que teñen atribuída os entes locais consonte ao artigo 4.1.a da LRBRL 7/1985 e aos artigos 25 e 26 e no Título XI da devandita lei e na lexislación sectorial aplicable, urbanística, comercial e medioambiental, o Concello de Vigo é competente na materia obxecto da presente disposición xeral.

A competencia para aprobación da presente Ordenanza segundo o disposto na LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de Ordenanzas (art 127.1.a) e ao Pleno Municipal a aprobación definitiva das Ordenanzas e Regulamentos Municipais (art 123.1.d)

O procedemento para a tramitación da Ordenanza de conformidade coa LRBRL e o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo é o seguinte:

- Aprobación do proxecto de ordenanza pola Xunta de Goberno Local.
- Aprobación inicial polo Pleno por maioría simple.
- Información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e/ou suxestións.
- Aprobación definitiva por maioría simple polo Pleno do Concello con pronunciamento sobre as reclamacións e/ou suxestións presentadas en tempo e forma.
- O acordo de aprobación definitiva da ordenanza, co texto íntegro da mesma, deberá publicarse para o seu xeral coñecemento no “Taboleiro de Editos” do Concello de Vigo, na páxina web e no “Boletín Oficial” da provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL, isto é, quince días

hábiles contados a partir da recepción da comunicación do acordo pola Administración do Estado e pola Comunidade Autónoma.

Non entanto e toda vez que o proxecto de Ordenanza afecta a materia urbanística cuxa xestión directa do servizo público está atribuído a Xerencia Municipal de Urbanismo, que actúa como organismo autónomo e está dotado de personalidade xurídica propia, e consonte ao artigo 8 do Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP nº 193 de 6/10/2010), que atribúe ao Consello o estudo, informe, consulta e proposta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, deba elevarse con carácter previo o presente proxecto ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Xa que logo e de conformidade co artigo 8 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo e artigo 127.1.a da LRBRL, a Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da Xerencia e coa conformidade da Xerente de Urbanismo (artigo 12.1.g dos Estatutos da Xerencia), poderá aprobar o proxecto definitivo da presente ordenanza e propor ao Pleno a adopción do seguinte...”

A seguir a asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

Con data 15 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o proxecto de Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa no Concello de Vigo.

O Consello da Xerencia de Urbanismo en sesión do 5.04.2013, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa no Concello de Vigo, cuxo texto se achega ao presente acordo.

Segundo.- Someter o expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días hábiles aos efectos de que se poidan presentar reclamacións e/ou suxestións.

Terceiro.- Resoltas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de ser o caso, ou elevado a definitivo o acordo inicial, de non se formular alegacións, procederase á

publicación do texto integro da presente ordenanza, no “Boletín Oficial da Provincia”, non entrando en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación de conformidade co previsto no art. 70.2 da LBRL e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 do mesmo corpo legal.

3.7(71).- APROBACIÓN DO CAMBIO DO USO DOTACIONAL PREVISTO PARA A PARCELA DO PARQUE CENTRAL DE BOMBEIROS NA RÚA ANGEL DE LEMA Y MARINA NÚM. 46, TEIS. EXPTE. 14085/411 (632/1101).

ANTECEDENTES.-Mediante escrito, de data 26 de marzo de 2013, a técnica de Admón. Xeral co conforme da xefa de Planeamento e Xestión e da Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, formula o seguinte informe-proposta:

“1. O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo foi aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e a súa normativa foi integramente publicada no BOP de Pontevedra o 06.08.2008 (BOP nº 151 - Suplemento). O 13.07.2009 o Conselleiro da CMATI aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG nº 144, do 24.07.2009), publicándose a normativa no BOP nº 175, do 10.09.2009.

2. O Parque Central de Bombeiros emprázase nunha parcela sita ao número 46 da rúa Ángel de Lema y Marina, na parroquia de Teis, clasificada polo PXOM/08 como Solo Urbano Consolidado destinada a Equipamento local de uso administrativo. A dita parcela correspóndese coa número 000123 do Inventario Municipal de Bens e figura grafada no plano da Serie 2 “*Ordenación pormenorizada dos solos urbano e de núcleo rural. Elementos Catalogados*”, folla 4-P coa trama correspondente a equipamentos locais, coa lenda “AD” de “*Administración Pública*”.

3. Con data 28.01.2013, os arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos Municipais informan que durante o ano 2013 o Concello pretende executar obras de reforma no edificio do Parque Central de Bombeiros, sito na rúa Ángel de Lema y Marina nº. 46 (parcela municipal nº 000123) -con partida orzamentaria consignada no presuposto municipal-. O PXOM clasifica a dita parcela como Solo Urbano, Equipamento Local, Uso Administrativo, polo que, co fin de proseguir os trámites esixibles para a execución do proxecto de obras de reforma, estiman necesario aprobar a modificación do uso previsto polo planeamento en dita parcela (administrativo) por un uso de servizo público. En consecuencia, solicitan da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo a tramitación do

procedemento correspondente.

4. O día 07.02.2013 a Xefa da Oficina de Planeamento - Xestión emite informe obrante no expediente, sobre a clasificación da parcela de referencia e o réxime de usos previsto no PXOM/08, afirmando que *“O artigo 5.5.4 Substitución de usos dotacionais, no seu apartado 3, establece “A substitución de usos dotacionais, de acordo co Artigo 47.4 da Lei 9/2002 deberá facerse polo Pleno do concello por maioría absoluta legal, sen que dita substitución sexa considerada modificación do Plan Xeral de Ordenación”.*

Por todo o exposto resultara de interés o modificar o uso grafiado no plano da SERIE 2, “AD” polo uso Dotacional Servizo Público, que se axusta ao uso actual da parcela e da edificación, uso que se prevé manter, e na que se pretenden realizar obras de reforma e mellora”.

5. O día 11.02.2013, a Vicepresidenta da XMU adoptou a seguinte resolución: *“PRIMEIRO: Incoar o procedemento para a modificación do uso dotacional “Administración Pública” previsto no vixente PXOM para a parcela municipal número 000123, sita na Rúa Ángel de Lema y Marina, n.º 46, na parroquia de Teis, na que se empraza o Parque Central de Bombeiros, por un uso dotacional de “Servizo Público . SEGUNDO: Dar traslado da presente resolución á Oficina de Planeamento - Xestión para a tramitación do correspondente expediente administrativo(...)”.*

6. No presente expediente emitiu informe o arquitecto municipal da Oficina de Patrimonio en data 21.03.2013 do seguinte tenor: *“No Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993 figura a propiedade municipal nº 000123 coa natureza de “Servizo público” e, así mesmo, consta Decreto do Concelleiro Delegado da Área de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, resolvendo “ Prestar plena conformidade á tramitación do expediente (Expte. 14085/411) de modificación do uso dotacional “AAPP” previsto no vixente P.X.O.M para a parcela que ocupa o Parque Central do SEIS (núm. 000123), por un uso dotacional de Servizo Público, que é o que resulta axeitado para a actividade que na mesma se desenvolve”.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada.

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo).
- LOUGA (Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).
- RDLex. 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación de impacto ambiental de proxectos.
- Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local).
- TRRL (Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das

- Disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- ROF (RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
 - RBEL (RD 1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de Bens das entidades locais).
 - LPAP (Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas).
 - LRX-PAC (Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común).
 - LRXCA (Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
 - RDU (D 28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina urbanística de Galicia).
 - RXU (D 3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
 - RPU (D 2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
 - RD 1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
 - Estatutos da XMU (AD versión consolidada Pleno 26.04.2010, BOP 20.07.2010).
 - PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde do Conselleiro CMATI do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

II. Modificación de usos dotacionais.

De acordo co establecido no artigo 47.4 da LOUGA, o Pleno do Concello, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento do Plan, poderá acordar o cambio de uso de terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En termos semellantes, exprésase o art.5.5.4.3 das NNUU do PXOM/08.

Seguindo o disposto na sentenza do día 25.03.2010, do TSX de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, *a facultade prevista no artigo 47.4 da LOUGA, é de modificación do plan (sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, por maioría absoluta legal). En calquera caso, tal facultade é un instrumento de ordenación de planeamento urbanístico previsto no Título II, do "Planeamento Urbanístico", capítulo primeiro, das "Clases de instrumentos de ordenación".* En consecuencia, considerando o exposto, en aplicación do artigo 92 da LOUGA, adoptado o acordo, remitirase copia de dous exemplares á CMATI.

Así pois, obviamente, a modificación pretendida debe estar xustificada nos informes técnicos dos servizos municipais que correspondan.

Neste senso, a parcela de referencia (número 000123 do Inventario Municipal de Bens) na que se empraza o Parque de Bombeiros, figura grafada no plano da Serie 2 "Ordenación pormenorizada dos solos urbano e de núcleo rural. Elementos

Catalogados”, follas 4-P do PXOM/08, coa trama correspondente a equipamentos locais, coa lenda “AD” de “Administración Pública.

O PXOM/08 regula o uso dotacional nos artigos 5.5.1 e seguintes das súas NNUU. O dito artigo 5.5.1.2 das NNUU do PXOM/08, establece dentro do “Uso Dotacional” diferentes “Clases e Categorías”.

O dito precepto, inclúe nesta relación, a “Clase Administración Pública” como comprensiva das actividades que prestan as distintas Administracións e os seus organismos autónomos e entidades de dereito público, así como as sedes dos organismos públicos e a subdivide nunha única categoría, a 16ª, referente a *Centros e Instalacións da Administración Local, Autonómica e Estatal; centros, locais ou recintos nos que as administracións realizan as súas actividades e servizos con acceso directo do público ou en réxime de oficinas administrativas*. Así mesmo, dita categoría inclúe os edificios que serven de sede ou representación de ditos organismos de calquera Administración Nacional ou Internacional.

Sen embargo, o nomeado precepto recolle expresamente os Parques de Bombeiros dentro da “Clase Servizos Públicos”, Categoría 15ª, Subcategoría “3. Seguridad Ciudadá” como instalación destinada á salvagarda das persoas e os bens.

Durante este ano 2013, o Servizo de Bombeiros pretende executar obras de reforma no edificio conformante do referido Parque Central de Bombeiros, consignándose a tal fin nos presupostos municipais a procedente partida orzamentaria, segundo sinalan os arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos Municipais en informe do día 28.01.2013, advertindo que, dada a clasificación e cualificación de solo determinada no PXOM/08 para a parcela de referencia, para a execución das devanditas obras de reforma, resultaría necesario tramitar unha modificación do uso previsto polo PXOM/08, de xeito tal que pasaría do uso “administrativo” actualmente consignado a un uso de “Servizo Público” máis acaído co destino efectivo destes terreos.

Finalmente, no informe do día 07.02.2013 da Xefa de Planeamento – Xestión se conclúe que: “(...) resultara de interés o modificar o uso grafiado no plano SERIE 2, “AD” polo uso Dotacional Servizo Público, que se axusta ao uso dotacional da parcela e da edificación, uso que se prevé manter, e na que se pretenden realizar obras de reforma e mellora.”

A proposta conta coa plena conformidade do Departamento de Seguridade e Mobilidade, acreditada coa incorporación ao expediente de referencia, do Decreto do día 21.03.2013 do Concelleiro delegado a proposta do Xefe do Seis e do Xefe de Área.

III. Órgano competente.

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno da Corporación (artigo 47.4 da LOUGA) por maioría absoluta legal dos seus membros, previo informe da Secretaría xeral (arts. 122.5.e) 2ªda LRBRL, 54.1.b) do TRRL e 173.1.b) do ROF) e fiscalización da Intervención (arts. 54.1.b) do TRRL e 173.1.b) do ROF), por

proposta do Consello da XMU (art.10.1j) dos Estatutos da XMU).
Polo anterior, propónse a adopción do seguinte acordo...”

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia de Urbanismo en sesión do 12.04.2013, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

PRIMEIRO: Aprobar, ao abeiro do disposto no Artigo 47.4 da L.OUGA, o cambio do uso dotacional clase “Administración Pública”, previsto polo PXOM/08 para a parcela municipal número 000123, sita na rúa Ángel de Lema y Marina, nº. 46 (Teis), na que se empraza o Parque Central de Bombeiros, polo uso dotacional clase “Servizo Público”.

SEGUNDO: Publicar o presente acordo no BOP e no DOG e notificalo, para o seu coñecemento, á Oficina de Patrimonio, á Área de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal así como ao Servizo de Cartografía, á Oficina de Proxectos Municipais, á Oficina de Planeamento - Xestión, á Oficina de Intervención urbanística e á Información da Xerencia Municipal de Urbanismo.

TERCEIRO: Remitir o presente acordo, xunto con dúas copias debidamente dilixenciadas do aprobado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento e efectos. No anuncio de aprobación, referido no apartado dispositivo segundo deste acordo, farase constar esta remisión».

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se formularon.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(72).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ELIMINACIÓN DE TÓDALAS SUBVENCÍONS ÁS TERMINAIS DE LAVACOLLA E ALVEDRO E A ELABORACIÓN DUN PLAN ESTRATÉXICO DE COORDINACIÓN, ESPECIALIZACIÓN E CONEXIÓN DAS TRES TERMINAIS AEROPORTUARIAS GALEGAS. EXPTE. 646/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de abril, número 646/1101, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días volveu a xurdir unha polémica política sobre o noso aeroporto e os apoios que está a recibir doutras administracións. Desde o BNG vimos reclamando unha política clara por parte da Xunta de Galicia, que planifique e racionalice o espazo aeroportuario galego. Desde o ano 2009, no que o BNG lle ten presentado á Xunta de Galicia o Plan Estratéxico de Potenciación de Peinador, nin a Xunta de Galicia nin ningunha outra formación política teñen presentado ningunha outra alternativa. Pola contra, vimos asistindo a unha clara política de parcheo, tendente unicamente a subvencionar a compañías privadas que logo non son quen de consolidar estos vós e desaparecen. Así mesmo, temos que criticar desde o BNG a absoluta discriminación que a Xunta de Galicia está tendo coa nosa cidade, xa que mentres se subvencionan vós e liñas ás outras dúas cidades, a Vigo se lle está a deixar sen ningunha axuda.

Importante é tamén a consolidación do noso aeroporto como terminal de mercadorías, e poñer en marcha xa a reivindicación histórica de que poida estar aberto as 24 horas do día. Por todo isto o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a que de xeito inmediato elimine todas as subvencións ás compañías aéreas que lles está outorgando as terminais de Lavacolla e Alvedro, xa que constitúen unha competencia desleal para o noso aeroporto.
2. Instar de xeito urxente á Xunta de Galicia a que presente un Plan estratéxico de coordinación, especialización e conexión das tres terminais aeroportuarias

galegas.

3. Instar á Xunta de Galicia a que nos futuros plans aeroportuarios se trate de igual xeito aos tres aeroportos; potenciando o aeroporto de Peinador no lugar que lle corresponde por ser aeroporto representativo da cidade máis industrial de Galicia (captación de liñas e potenciación do tráfico de mercadorías)

A comisión informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, na súa sesión do 22 de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Estou vendo que hai dous puntos que tratan sobre o Aeroporto, proporía facer un debate conxunto e votacións separadas. Polo tanto faríamos unha intervención do Bloque Nacionalista Galego, Partido Socialista e Partido Popular de cinco minutos cada un; tres minutos Partido Socialista e tres minutos Bloque Nacionalista Galego, parécelle ben aos Voceiros?.

SR. FIGUEROA VILA: Unha cuestión de orde, nós quixéramos facer unha reclamación á orden do día do Pleno porque estanse a repetir tódalas mocións, eu creo que iso é un tema que o Secretario tería que analizar primeiro, e segundo que hai mocións que se presentan e a continuación un par de horas despois ou ao día seguinte hai grupos que presentan a mesma moción co mesmo contido. Creo que o temos que clarear na Xunta de Voceiros ou senón imos ter problemas como este porque hai outra máis de Navia tamén que sucede exactamente igual. Parécenos que nun tema como o do Aeroporto debería darnos polo menos dez minutos aos grupos.

SRA. VELOSO RÍOS: O tema das mocións con contido semellantes creo que un tema non só deste Pleno senón que se repite e o Partido Popular de feito cada poucos meses adoita presentar mocións repetidas, xa o temos comentado na Xunta de Voceiros e no propio Pleno. Eu creo que si o Secretario pode dar a súa opinión sobre a interpretación do regulamento que temos que facer, pero tamén é certo que os grupos municipais temos a responsabilidade de que isto estea acontecendo. Paréceme un pouco rechamante que se faga este tipo de observacións xusto nesta moción.

Nós estamos de acordo coa proposta que fai o Alcalde de debater conxuntamente e cos tempos que propuxo de debate.

SR. LÓPEZ FONT: Totalmente de acordo cos tempos que propuxo vostede, en todo caso teríase que ter especificado na Xunta de Voceiros o específico deste debate e querer estender o tempo, pero é unha moción como outras que se propuxeron, que se están propoñendo por parte de vostedes, tamén por parte do Partido Popular, mocións practicamente co mesmo tema. A presentación, por parte do Grupo Municipal Socialista desta moción sobre o Aeroporto ven dada polos últimos acontecementos que son dunha gravidade suficiente como para traer esta moción a pesar de ser debatida recentemente.

A PRESIDENCIA: Procedemos ao debate, Sra. Veloso a súa quenda inicial de cinco minutos.

SRA. VELOSO RÍOS: Efectivamente é un tema moi importante porque os aeroportos hoxe en día non se conciben simplemente como provedores dun servizo público, senón que son tamén axentes económicos capaces de impulsala economía da súa contorna, por iso resulta especialmente grave a dramática situación que está atravesando agora mesmo o aeroporto de Peinador, cunha constante caída no número de pasaxeiros e no transporte de mercadorías.

Dada a relevancia que teñen os aeroportos, a maior parte das competencias sobre a planificación e a xestión aeroportuaria aínda recaen no Estado, este a través de AENA deseñou un modelo de xestión radial onde o aeroporto de Madrid é a referencia central na maioría das conexións aéreas, ao contrario do sistema descentralizado do resto de Europa, o que nos impide realmente articular un sistema aeroportuario galego, que é o que realmente necesitamos no noso país. Podemos coller un exemplo ilustrativo, practicamente o 50% dos voos que cada día teñen a súa orixe ou o seu destino nun aeroporto galego, son conexións con Madrid, este sistema é absolutamente ineficaz, non permite incrementar a oferta de conexións de frecuencias e con iso tamén o número de pasaxeiros que utilizan eses aeroportos en detrimento doutros, e nós aquí estamos sufrindo ademais a competencia do aeroporto Sá Carneiro de Oporto especialmente importante para o

aeroporto de Peinador pola súa proximidade.

O Bloque Nacionalista Galego en Galicia avogou sempre por un consenso onde saíse beneficiada Galicia e polo tanto onde saísen beneficiadas as súas cidades, e promoveu a creación dun Comité de Rutas que non era outra cousa que un mecanismo de cooperación no que participaba AENA, a Xunta de Galicia, os Concellos e Axentes Sociais representativos de intereses económicos co fin de mellorar o mapa de rutas aéreas en Galicia. O consenso polo que clama agora toda a cidadanía viguesa, que nos ten que quitar desta situación. A Comisión técnica do Comité de feito atinxiu ese consenso, pero na xuntanza do Comité onde se tiña que ratificar a Xunta rachou co acordo, co pacto previo e presentou unha alternativa unilateral, que en realidade era unha proposta para competir entre os aeroportos e non complementarse.

O Goberno galego demostrou, como está demostrando agora, que non ten vontade de traballar en serio pola complementariedade dos tres aeroportos galegos, e provocou un caos absoluto na planificación de rutas aéreas, mesmo se isto sería só unha solución a curto prazo porque o auténtico problema segue sendo o sistema centralista e a ausencia absoluta de intermodalidade coas infraestruturas portuarias e co ferrocarril, algo que tamén afecta especialmente ao aeroporto de Peinador pola súa capacidade para ser un aeroporto de referencia en transporte de mercadorías. Este problema se ve agora agravado pola privatización de AENA que condeá o peche a medio prazo dos aeroportos menos rendibles para os que se evita investir en melloras e potenciar certos aeroportos como o de Peinador, unha vez máis, onde por non investir nin se tallan as árbores como puidemos ver esta fin de semana tamén na prensa como consecuencia dunha pregunta que xa presentou o Bloque Nacionalista Galego no Congreso dos Deputados xa no mes de Xaneiro.

Conclusión, o Partido Popular quere pechar o aeroporto de Peinador, e fronte a isto no podemos perdernos en debates vitimistas, absurdos e estériles sen propostas nin demandas concretas a quen ten a responsabilidade de que isto sexa así.

A resposta do Alcalde nunha cidade a que o Partido Popular pretende pecharlle o aeroporto porque non goberna neles, non pode ser a de enlearse nun debate vitimista chorando por subvencións que non afronta nin de lonxe, nin sequera tanxencialmente o auténtico problema do aeroporto de Peinador. Non podemos dedicarnos a buscar a quen votarlle a culpa intentando convencer que cos

orzos dun concello, que nestes momentos ten que atender a familias da nosa cidade que están pasando fame, que necesitan para comer, pódese salvar un aeroporto ameazado polo goberno do Estado e ameazado polo goberno da Xunta, que claramente aposta por outro aeroporto galego e non polo aeroporto de Peinador. Esta situación require o consenso para crear unha fronte común de defensa do aeroporto de Peinador, e para iso o Bloque Nacionalista Galego como sempre estivo e como sempre demostrou cando tivo responsabilidades de goberno, está disposto e segue estando disposto a chegar a un consenso coas forzas políticas e coas Axentes Sociais e Económicas da cidade para defender o aeroporto de Peinador, para que teñamos un aeroporto e para defender os postos de traballo no aeroporto de Peinador, que como dicía ao principio é tamén non só un servizo público senón un impulso para a economía da nosa cidade que hoxe podemos escoitar está gravemente afectado pola crise.

SR. LÓPEZ FONT: Vigo necesita un gran aeroporto, e necesítalo polo que representa como cidade pero tamén para consolidar o seu sector económico, produtivo, o emprego e para obter a posibilidade de inversións, en suma para xerar máis emprego. Non se pode disociar a importancia do aeroporto con respecto a nosa situación económica, non se pode facer política de partido con respecto ao aeroporto de Vigo, isto o entende calquera, estas afirmacións compartiríanse perfectamente agás aqueles que levan seis anos atacando a esta cidade, discriminándoa e facendo todo o posible para o seu retroceso. O problema é que o fan dende dentro, dende este salón do Pleno, dende a súa condicións de concelleiros. Os concelleiros do Partido Popular só teñen unha consigna partidista, as siglas son o único importante e isto que podería parecer mentira ven sendo unha realidade. A política de oposición, con maiúsculas, que se debería facer neste concello a esnaquiza o Partido Popular só en defensa das súas siglas.

O Partido Popular é o partido Record Guinness en calquera ámbito, o que contribúe máis ao paro, o que recorta máis dereitos, o que mente máis sobre campañas electorais, o que consegue que tódolos concellos estean na súa contra á hora de reformar a administración local e cal é achega do Partido Popular de Vigo? Negar en Vigo, á cidade que representan, o que o Partido Popular noutras cidades defende, isto non o entenden os vigueses, en política aeroportuaria hai que ser claro, tódolos

males do aeroporto de Vigo, do aeroporto de Peinador son imputables ao Partido Popular e o son pola súa política de discriminación dende a Xunta, pola súa marxinación dende a Deputación de Pontevedra e pola confabulación dos trece concelleiros que se sentan neste salón de plenos.

A política de subvencións levadas a cabo esnaquiza ao aeroporto de Vigo porque se fai a favor duns descaradamente, e en contra doutros premeditadamente. Non serve lamentarse cando chegan as cifras de tráfico porque son consecuencia do anterior, só hai unha realidade, Vigo é o único aeroporto non subvencionado e só hai un responsable o Partido Popular, como vai ir ben o aeroporto de Vigo? Se a realidade é que estamos prexudicados comparativamente en vinte e tres millón de euros, as actuacións son moi concretas, os voos que se van de Vigo vanse á cidade de A Coruña consecuencia da política do Concello de A Coruña que aquí o Partido Popular nega.

Concelleiros do Partido Popular, non se pode falar de crecemento económico, non se pode falar de apoio a esta cidade, intentando con actuacións como estas, marxinalo, é absolutamente mentira é falso. Unha cidade ten tres piares fundamentais: poder político, fortaleza económica e infraestruturas e o Partido Popular traizoou a esta cidade nestes tres aspectos. No poder político coa Área Metropolitana, na fortaleza económica financeira co roubo da caixa a esta cidade, e en infraestruturas porque o único que pretenden é saquear o aeroporto de Vigo. Isto é o que representa o Partido Popular e dende este goberno, dende este grupo o que reclamamos é moi sinxelo, ao menos igualdade no trato das administracións e estamos desenmascarando aqueles que non o están facendo. Resúmese nunha frase, como o Sr. Figueroa, o Partido Popular de Vigo, pode negar á cidade de Vigo o que apoian noutras cidades, ninguén entende isto, e estamos os vigueses librando unha batalla moi importante polas infraestruturas, esta é unha batalla absolutamente decisiva polos tres piares que dicía anteriormente, hai outras pequenas como a Teleasistencia, pero a das infraestruturas, de que non se afunda o aeroporto de Peinador, este Goberno, este Alcalde, este grupo vai defender a esta cidade hasta as súas últimas consecuencias e imos reivindicar o que o Partido Popular apoia noutras cidades.

SR. FIGUEROA: Xa vexo que o Sr. Font falou de todo menos do Aeroporto, falou dun

ataque directo ao Partido Popular que é o único que lle preocupa.

Miren, Sres. do Bloque Nacionalista Galego e Sres. do Partido Socialista, datos: 2005, 2006, 2007 e 2008 saben quen gobernaba na Xunta de Galicia? O Partido Socialista e o BNG, saben as subvencións que deron aos aeroportos en cantidades económicas, Aeroporto de Lavacolla 3,8 millóns de euros, Aeroporto de Alvedro 300.000 euros, Aeroporto de Peinador cero euros, iso foi o que deu a Xunta de Galicia do Bigoberno Partido Socialista, Bloque Nacionalista Galego, non sei onde estaban vostedes, estaban calados.

A xestión do goberno do Presidente Sr. Feijóo, anos 2009, 2010, 2011 e 2012 Aeroporto de Lavacolla 4,2 millóns de euros, Aeroporto de Alvedro 3,57 millóns de euros, Aeroporto de Peinador 3,72 millóns de euros, equipararon os tres aeroportos en igualdade durante os anos do 2009, 2010, 2011 e 2012. Esta é a realidade, os datos obxectivos, sabe canto investiu o Sr. Blanco no Aeroporto de Peinador? Trinta millóns de euros; sabe canto investiu no Aeroporto de Lavacolla? 232.000 millóns de euros, é dicir, un dous diante dos trinta millóns de euros, para Vigo 32 millóns de euros, iso é o que vostedes chaman axudar ao Aeroporto de Peinador.

Os datos son demoledores, ano 2004: 900.000 euros, ano 2007: 1.400.000 pasaxeiros no aeroporto de Peinador, que se fixo aquí neste intervalo de tempo? O Partido Popular que gobernaba esta cidade chegou a dous acordos importantes con AirEuropa e con AirFrance con custe cero para as arcas municipais. Que fixeron vostedes dende que goberna? 1.400.000 euros que había de cifra record, pasalo a 828.000 o ano pasado. Sabe canto se investiron durante este intervalo de tempo, 5,4 millóns de euros en subvencións públicas, e sabe cantos pasaxeiros desapareceron, case 600.000 pasaxeiros, eses son os datos.

Rutas consolidadas en Peinador ningunha; que se perderon Londres, Bruselas, Sevilla, Zaragoza, Córdoba, Valencia, eses son os datos e o traballo que vostedes fixeron.

Pero voulle a ler recortes de prensa que é o máis importante, "Alcalde asume liderar o desenvolvemento de Peinador dende a Convention Bureau" onde está a Convention Bureau e o liderazgo; "Caballero garante un controlador máis para que Peinador opere pola noite baixo demanda", onde está?; "Caballero diseña un plan para captar voos internacionais e facer fronte a O Porto", onde está?; "A compañía que propón voos entre Vigo e México podería operar en catro meses", está

desaparecida; "Clickair estudia prolongar a Malaga o seu voo entre Londres e Peinador", onde está ese voo?; "Peinador recibe o primeiro voo de Córdoba que xa ten plena ocupación na primeira Semana Santa", "Peinador perde os dous destinos en menos dunha semana coa supresión de Vigo-Córdoba", "o voo da nova ruta entre Vigo e Zaragoza estréase con oitos pasaxeiros", "un voo enlazará Vigo e Huesca durante a tempada de esquí de decembro do ano 2010", estes datos, estas declaracións do Alcalde, mentira todas, non hai unha soa verdade en todas estas afirmacións do Alcalde.

Non nos vai a dar vostede leccións de "viguismo" nin de apoiar a esta cidade. Nós sempre nos presentamos por esta cidade, defendemos a esta cidade, mentres hai outros como o Alcalde de Vigo que se presentou pola circunscrición de A Coruña e defendía o aeroporto de Alvedro, saben vostedes, foi nomeado fillo adoptivo da cidade de A Coruña por defender Alvedro en detrimento de Vigo, iso está na historia do Sr. Alcalde e non o pode negar. Non só iso, senón que defendía a primacía de Lavacolla e dicía que había que potenciala para voos internacionais e nacionais, iso está na hemeroteca, outros non temos que desmentir nada.

A nós os datos aválannos para tomar a postura e a decisión que tomamos, e tamén nos alegamos moito que o Alcalde convoque a expertos aeroportuarios para que lle diga o que está escrito en todos estes informes que temos enriba da mesa non fai falla que chame a expertos aeroportuarios porque témolos nós, a conclusión está moi clara, hai que recuperar o consenso que se levantou dun comité de rutas para buscar a confrontación con tódalas administracións, hai que preguntarlle que pasou coa fundación Provigo por que lle pagou 200.000 euros a un xerente que estaba traballando en temas aeroportuarios, hai que preguntarlle por que rompeu o consenso e por que non quere o consenso no Aeroporto de Peinador.

Nós si que temos unha liña clara e temos unha posición clara con respecto ao Aeroporto de Peinador. Recuperar o consenso, buscar a complementariedade, a coordinación dos tres aeroportos e as subvencións as liñas aéreas nós non as defendemos porque os datos nos avalan, xa que ningunha liña subvencionada se consolidou, polo tanto con estes datos a nosa postura está clara e rotunda.

A PRESIDENCIA: Sería bo que iso se aplicara en A Coruña e Santiago de Compostela.

SR. LÓPEZ FONT: Vostede leva seis anos sen defender a Vigo, Sr. Figueroa, vostedes e os Concelleiros do Partido Popular levan seis anos confabulando cos ataques a esta cidade e pódolle dar leccións de defender esta cidade porque gracias a vostede e ao seu partido non temos Caixa de Aforros, gracias a vostede e o seu partido esta cidade sufriu o maior ataque coa Área Metropolitana. Esta é a realidade, vostedes durante seis anos non defenderon a esta cidade e díxenllo no Pleno no que debatemos sobre o Aeroporto, todo o que se fixo sobre o Aeroporto desta cidade, sobre infraestruturas e sobre ferrocarril o fíxoo, o que hoxe é o Alcalde de Vigo, o Sr. Abel Caballero. Vostedes non fixeron absolutamente nada, vaia á hemeroteca e vexa quen inaugurou o Aeroporto de Peinador, quen aprobou dende o seu posto de Ministro de Transportes tódalas melloras e quen é o artífice de tódalas melloras aquí, claro que lle dou leccións.

Os datos só os ten vostede, os datos estaban na prensa de onte, esta é a realidade de que a esta cidade se lle deben vinte e catro millóns de euros en subvencións contrarias a esta cidade e en favor doutras. Hemeroteca voulle a ler os últimos titulares, non do Partido Socialista senón da prensa: “se A Coruña non houbera subvencionado a Air Europa continuaría en Vigo”, “a política de subvencións funciona, Sá Carneiro e Lavacolla se benefician”, “Peinador perde doce voos semanais a Bilbao”, “a Xunta apoia as axudas do PP en A Coruña, mentres nega as de Vigo”, vostede é responsable como este grupo municipal e como vicepresidente da Deputación, o colmo xa é que o seu Conselleiro di que a actuación do Alcalde de A Coruña é promocionar turisticamente aquela cidade, vaia aprendendo vostede á hora de apoiar a esta cidade. Outro titular “a maioría dos voos recortados en Vigo recibiron axuda en Lavacolla e en Alvedro”, “os voos a Madrid serán un 50% máis baratos en A Coruña que en Vigo polas axudas do Partido Popular”, parécelle pouca hemeroteca, Sr. Figueroa, parécelle pouco en contra do que vostede está facendo por esta cidade, a realidade é que vostedes son responsables de ser contrarios a unha política de subvencións. A realidade é que vostede está traballando en contra desta cidade, e o que non entende ningún cidadán é que o que é promoción turística noutros concellos sexa en contra desta cidade, só vostede e o seu partido son responsables.

SRA. VELOSO RÍOS: Hai cuestións que se falaron neste debate coas o Bloque Nacionalista Galego non está de acordo pero eu creo que o importante hoxe é centrarnos no que si estamos de acordo as tres forzas políticas porque a situación de Peinador require, esixe un consenso por parte das forzas políticas que estamos no Pleno. Nós non estamos de acordo por exemplo co Sr. Figueroa de que os recortes de prensa é o máis importante, esa é unha das nosas desgrazas, que para algunhas forzas políticas o máis importante son os recortes de prensa, son os titulares de prensa, as fotos na prensa e mentres o Aeroporto de Peinador perdendo pasaxeiros e perdendo tráfico de mercadorías, chegando a unha situación realmente grave. No Bloque Nacionalista Galego, sempre buscamos o consenso porque entendemos que é a única forma de que poidamos salvar entre todos o Aeroporto de Peinador, e sempre imos pedir que nos poñamos de acordo en reclamar e demandar unha atención en igualdade de condicións para o Aeroporto de Peinador.

As administracións que teñen a responsabilidade e a competencia de xestionar o sistema aeroportuario galego, teñen que atender a Peinador segundo as súas necesidades, se hai subvencións son para todos e se non hai, non as hai para ninguén, pero hai que atender ademais a cada un dos aeroportos segundo as súas necesidades en igualdade de condicións porque unha cidade como Vigo é máis coa situación tan grave dende o punto de vista económico que estamos atravesando os últimos tempos tódolos días non dan titulares de prensa, iso si, da grave situación económica que estamos atravesando non nos podemos permitir deixar pechar o Aeroporto de Peinador.

Nós queremos facer unha proposta, temos dúas mocións, unha pedindo que se retiren as subvencións aos tres aeroportos, e outra pedindo subvencións para os tres aeroportos, pero en algo estamos de acordo e nós pedimos un receso no Pleno para aprobar unha resolución, non ningunha destas mocións, na que os tres grupos políticos que estamos representados no Pleno do Concello de Vigo demandemos o trato ao Aeroporto de Peinador en igualdade de condicións cos outros aeroportos galegos, estamos facendo esa proposta para chegar a un consenso porque niso creo que estamos todos de acordo. O Aeroporto de Peinador merece o trato en igualdade de condicións cos outros aeroportos galegos, sexa como sexa, con subvencións e sen subvencións pero en todo caso ten que ser atendido polas

administracións igual que o resto, e nós agora o que pedimos e iso, xa que temos dúas mocións sobre este mesmo tema, como dicía o Sr. Figueroa antes de empezalo debate, e xa que temos claro que necesitamos consenso e que todos queremos que se trate ao Aeroporto de Peinador en igualdade de condicións e que non siga sendo discriminado, propoñemos unha resolución deste Pleno esixindo o trato en igualdade de condicións ao Aeroporto de Peinador.

A PRESIDENCIA: A resolución xa son as propostas das dúas mocións.

Interrupción polo Sr. Figueroa Vila.

A PRESIDENCIA: A emenda “in voce” tería que habela feito no seu tempo. Primeiro procedemos á votación da moción formulada polo Bloque Nacionalista Galego.

A PRESIDENCIA: Si se quere un acordo para este tema do aeroporto ao rematar este Pleno convocarei unha Xunta de Voceiros, para que se propoñan as posicións e podemos facer un Pleno Extraordinario, se hai acordo, nun prazo de dous días.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, instando á Xunta que elimine as subvencións ás compañías e que trate de igual xeito aos tres aeroportos galegos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INCIDENCIA.- Os trece membros do grupo político municipal do Partido Popular presentes na sesión non emitiron voto.

5.2(73).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, INSTANDO Á DEPUTACIÓN E Á XUNTA DE GALICIA A IMPLEMENTAR AXUDAS AO AEROPORTO E APOIO PARA A CAPTACIÓN DE VOOS REGULARES E COMO TERMINAL DE CARGA, DADO O TECIDO INDUSTRIAL DE VIGO. EXPTE. 642/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de abril, número 642/1101, o voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A iniciativa do Grupo Municipal Socialista aprobouse cos votos de PSOE e BNG, no Pleno do 25 de Febreiro deste ano, solicitar á Xunta unha política de axudas ao aeroporto de Peinador que permita reparar os 23 millóns de euros en que cuantificamos o desfase de axudas públicas a favor de Santiago nos últimos seis anos. O PP votou en contra desta moción.

De novo reclamamos emendar esta inxusta distribución das axudas. Nos últimos 6 anos destináronse 24 millóns de euros ao aeroporto de Santiago e 1 millón para o de Vigo, o que deixa a Peinador en inferioridade de condicións ante a competencia do aeroporto Francisco Sá Carneiro de Oporto.

Peinador sufrirá un novo impacto na súa principal ruta, Madrid, a partir de xuño xa que Air Europa destinará os seus avións de 122 prazas a cubrir rutas desde o aeroporto de Alvedro na Coruña tras chegar a un acordo de 1,4 millóns polo voo a Madrid, co Concello gobernado polo PP. Prorrogaron tamén unha axuda á aeroliña portuguesa TAP para a conexión a Lisboa, con 250.000 euros e o ano pasado pactou con Vueling as rutas a Barcelona, Londres, Sevilla, e Amsterdam, a cambio de 1,8 millóns.

Air Europa non cubrirá voos a Madrid, só a Tenerife. En cambio operará Swift Air con 4 frecuencias semanais e en avións reducidos de só 68 pasaxeiros e cunha duración de 90 minutos, o que supón a perda de máis de 7.000 prazas, é dicir un 30% menos. Lembremos que este próximo verán Iberia Express reducirá a súa oferta a 2.000 prazas semanais.

O Sr. Rafael Louzán, Presidente, e o Sr. Figueroa Vicepresidente da Deputación de Pontevedra presumen destes convenios de patrocinio, e nunca especificaron datos nin cifras. Peinador é o único aeroporto no que non haberá ningún tipo de axuda este ano desde a Xunta nin da Deputación, mentres potencian Alvedro e Lavacolla.

Segundo datos estatísticos, neste ano a cifra de pasaxeiros estará entre os 500.000 e 600.000 situando a Peinador a niveis de fai 15 anos. E para rematar, sabemos que a Cámara de Comercio de Santiago esixirá á Xunta que considere a Lavacolla

como aeroporto central de Galicia.

Polo dito anteriormente, solicítase ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

- Instar á Deputación de Pontevedra e á Xunta de Galicia a cesar esta política sistemática de agravios comparativos para coa cidade de Vigo e implementar axudas de igual magnitude que os outros dous aeroportos galegos facilitando o desenvolvemento e apoio para a captación de voos regulares e como terminal de carga, dado o tecido industrial de Vigo.”

A comisión informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, na súa sesión do 22 de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, instando á Deputación e Xunta axudas para o Aeroporto e apoio para a captación de voos regulares e de carga, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3(74).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, INSTANDO Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A DISPOSICIÓN, A TRAVÉS DUN CONVENIO, DOS 25 MILLÓNS DE EUROS, REFERIDOS POLO SEU VICEPRESIDENTE, PARA PROXECTOS DEPORTIVOS EN VIGO. EXPTE. 643/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de abril, número 643/1101, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Fernández Pérez, formula a seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal como recolle o contido da memoria xustificativa do novo proxecto deportivo para Navia, a demanda de práctica deportiva na cidade de Vigo, adquire hoxe en día un nivel de gran importancia entre toda a poboación, Vigo e hoxe a “capital deportiva de Galicia”, polo cal o Goberno da Cidade traballa en mellorar as condicións que favorezan o desenvolvemento de hábitos deportivos entre todos os ámbitos da poboación, polo cal os proxectos que este goberno ten en marcha posibilitarán dar resposta a tres aspectos fundamentais:

a.- Complementar a distribución territorial dos servizos municipais para o “deporte” dentro do termino municipal de Vigo.

b.- Responder as novas demandas da cidadanía en relación a actividade físico-deportiva como un valor de saúde e benestar.

c.- Establecer unha rede municipal de servizos deportivos o alcance de todas as persoas, posibilitando un acceso universal a practica da actividade físico deportiva.

En relación a estes aspectos, dende a Deputación Provincial de Pontevedra, e a través do seu Vicepresidente e Concelleiro nesta corporación, D. Jose Manuel Figueroa, vense reiterando a intención de investir 25 millóns de euros nun proxecto deportivo na cidade de Vigo, en base a un “Estudio inicial de valoración do desenvolvemento dun complexo acuático -termal en Navia “ feito no ano 2008 e cun custe de cerca de 30.000,00 €.

Sobre este proxecto o Concello de Vigo ten desenvolto xa a execución desta actuación, como consecuencia do desenvolvemento de proxectos propios, polo cal, e atendendo as reiteradas manifestacións do Vicepresidente da Deputación Provincial, sobre a insistencia da dispoñibilidade dos 25 millóns de euros, e a necesidade de mellorar as infraestruturas deportivas de Vigo, solicítase ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

- Instar á Deputación de Pontevedra a poñer a disposición do Goberno Municipal de Vigo a través dun convenio de colaboración os 25 millóns de euros, referidos polo seu Vicepresidente para proxectos deportivos en Vigo, e poder desenvolver os proxectos de mellora de infraestrutura deportiva que decida o Goberno desta cidade.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 22

de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: O Grupo Municipal Socialista ven de presentar unha moción ao obxecto de instar á Deputación de Pontevedra para poñer a disposición do goberno municipal de Vigo, a través dun convenio de colaboración, os vinte e cinco millóns de euros referidos polo seu Vicepresidente para proxectos deportivos en Vigo e poder desenvolver o proxectos de mellora das infraestruturas deportivas que decida o goberno desta cidade. Sr. Figueroa, ten a oportunidade de sumarse co seus votos para esta proposta de acordo desta moción.

As razóns son obvias e claras porque defendemos e reafirmamos que Vigo é a capital do deporte Galego, e unha das principais referencias do deporte en España, os datos así o avalan e confirman, dende o concello e co apoio municipal máis de duascentas entidades e clubs federados fan e desenvolven as súas actividades e máis de 20.000 deportistas reciben o apoio e o alento do Concello. Dous centos eventos deportivos desenvólvense cada ano co apoio do Concello, os nosos equipos compiten en tódalas categorías deportivas, nas diferentes competicións e campionatos das diferentes disciplinas deportivas e centos de deportistas vigueses compiten en Galicia, en España e tamén no mundo, miles de deportistas en formación no programa municipal de Escolas Deportivas fórmanse día a día, ano a ano na nosa cidade.

Máis todo isto, temos que recalcar que unha ampla rede de infraestruturas deportivas contan co apoio municipal para o servizo e optimización do deporte vigués. Unha rede importante en instalacións deportivas que pretenden desenvolver un servizo público eficaz e eficiente polo conxunto de deporte. Lémbramos: dezaoito pavillóns deportivos que conta a nosa cidade, catro complexos deportivos, catro piscinas municipais, quince campos de fútbol, máis tres que seguimos desenvolvendo e garantindo o seu mantemento, un estadio municipal de atletismo, dous ximnacios municipais, máis de cincuenta e cinco pistas polideportivas de uso autorregulable e agora un novo proxecto, que é o proxecto de Navia, moderno, funcional, que pretende dar unha nova resposta as novas inquietudes e as novas demandas deportivas.

É preciso lembrar que Vigo investiu de xeito directo en infraestruturas e atención

ao deporte neste dous últimos anos máis de vinte e cinco millóns de euros, polo tanto un esforzo importante que sae das arcas municipais como aposta polo deporte.

Pero o certo é que queremos seguir mellorando e queremos seguir optimizando a nosa rede de infraestruturas deportivas, tratando de especializalas e actualizando as mesmas, queremos seguir medrando e buscando a perfección no máximo do posible, queremos establecer novos retos e metas para o deporte vigués, porque o deporte vigués merece seguir competindo nas mellores condicións e nas condicións máis óptimas.

Por isto, agora compre asumir un novo investimento e polo tanto emprazamos á Deputación a realizar convenio con vinte e cinco millóns de euros para poñer en marcha máis infraestruturas que sexan capaces de ampliar e de perfeccionar o mundo do deporte.

Polo tanto, ese é un reto e unha aposta que debe suscitar o consenso e o apoio de tódolos grupos municipais polo ben do deporte e de Vigo. A isto emprazámoslo porque o deporte é un ben común para todos e para a nosa cidade.

SR. ALONSO PÉREZ: Seguramente o Partido Socialista presenta esta moción porque descoñece algo moi importante e é que o Sr. Presidente da Deputación, o Sr. Louzán, é un ilusionista, é un mago, entón quita e pon os cartos como el quere, é un auténtico mago.

Voulle a poñer dous exemplos, cando se iniciou todo o proceso de destrución de emprego masivo, co goberno do PSOE, que despois continuou coas decisións do goberno do Partido Popular que nos levou a máis de seis millóns de desempregados, na Deputación o Sr. Louzán presentou un Plan de Emprego de setenta millóns de euros, destes reservaba o 20%, catorce millóns para investilos onde el quixera. Cando se gastaron os primeiros cincuenta e seis, ningún euro a Vigo, eu dixen imos estar atentos para ver o que fai o Sr. Louzán cos catorce de libre disposición, eu estaba atento e de pronto o mago fixo o seguinte: ningún euro para Vigo, nin para ningunha corporación que non fora presidida polo Partido Popular, e a que non saben onde foron os catorce millóns de euros, a maxia do Sr. Louzán, apareceron os catorce millóns de euros investidos en tres concellos que fixeron mocións de censura, Gondomar, Porriño e Mos.

O fin de semana pasado estaba vendo a televisión e vexo como os afectados polas “preferentes”, os estafados, entran no Pleno da Deputación a esixirlle ao Partido Popular que cambie na decisión que tomou da quita das preferentes, despisteime un momento do televisor e aparece o Sr. Louzán convertido nun afectado polas preferentes, o Sr. Louzán é un mago. Eu como sabía iso, cando estaba de responsable da Concellería de Deportes, mandeille un escrito para verificar a proba do algodón, a ver si realmente existían os vinte e cinco millóns de euros para o deporte de Vigo.

Voulle ler a carta que lle enviei que é moi breve: “a cidade de Vigo, a nivel deportivo, é unha das cidades co volume de actividade deportiva máis importante de Galicia, neste sentido, o Concello de Vigo no eido das súas competencias, está facendo un gran esforzo por dotar á cidade das infraestruturas deportivas e de ocio que os cidadáns e as cidadáns están demandando. Por outra banda “son unha prioridade na planificación das actuacións da Área de Deportes do Concello de Vigo”, paso ao parágrafo importante, “tras o anuncio da Deputación de Pontevedra da súa intención de investir na cidade de Vigo, vinte e cinco millóns de euros para a construción de infraestruturas deportivas, o Concello de Vigo, a través da Concelleira de Deportes, está aberto á posibilidade dunha signatura dun protocolo de convenio para a cofinanciación dos proxectos de construción de infraestruturas deportivas que se están a acometer na cidade. Polo exposto, o Concello de Vigo responsable da planificación deportiva da cidade, está aberta a unha colaboración entre ámbalas dúas administracións que permita establecer os termos dunha cofinanciación dos proxectos de construción de novas infraestruturas deportivas na cidade de Vigo.

Como se ve é un escrito de colaboración, non buscando protagonismo.

Hai unha cuestión que case todo o mundo coñece, normalmente os mago contan con colaboradores entre o público para facer os trucos, e a min non me estrañaría nada que agora o Sr. Figueroa dixera que os vinte e cinco millóns existen en algún sitio pero a realidade é que para o Sr. Louzán eses vinte e cinco millóns nunca existiron, nunca os puxo á disposición da cidade de Vigo, é simplemente un truco de maxia.

SR. FIGUEROA VILA: Algúns dedicaron os cinco minutos a falar de trucos de maxia,

moi ben, pois ben utilizados estes cinco minutos.

Nós non temos que dar explicación absolutamente de nada, nin pedir perdón do traballo que fixemos no deporte desta cidade. So vou relatar algo para que o lembren algúns cidadáns, piscina cuberta de Teis, xestionada polo goberno do Partido Popular cando eu era concelleiro; edificio das Federacións de Vigo, 250.000 millóns xestionados polo mesmo que lles fala; Complexo Deportivo de Samil, remodelado cunha inversión de 425 millóns de euros; Pavillón Central das Travesas, a única reforma que se fixo na súa historia, 300 millóns de pesetas; campos de A Madroa, as instalacións do Real Club Celta e a Cidade Deportiva, 182 millóns polo mesmo que lles fala; reforma de catorce campos de fútbol naquel momento idem de idem; Complexos da Auga da Florida e Barreiro, sen custe para as arcas municipais, catorce millóns de euros; piscina de Valadares un 1.100.000 euros; campos de fútbol de herba sintética Valladares, Matamá, Sárdoma, Cabral, Comesaña, Beade, Candeán, Fragoselo, Coia, Meixoeiro, Teis, A Guía e Oia. A partir de aí campo Federativo de Coia, que está en marcha, máis o campo da Universidade para o Rugby que se vai a construír; inclusión das cidades do deporte ao avance que se fixo no seu día, equipamentos de pistas noutros lados entorno a vinte e cinco millóns de euros.

Esta é a xestión do Partido Popular en Deportes, se queren compárenla e se hai algunha xestión mellor tamén o poder dicir.

Con respecto aos vinte e cinco millóns de euros que nós comprometeramos co Concello de Vigo, ano 2008 fíxose unha proposta ao Concello de Vigo para que a Deputación levase a cabo un Complexo Deportivo en Navia con piscina olímpica e demais instalacións deportivas. Hemeroteca: “o Bloque Nacionalista de Vigo rexeita o Proxecto Deportivo da Deputación para Navia e táchao de propaganda electoral”, é dicir, non querían que o Partido Popular, a través da Deputación, puidese anotarse un tanto para levar a cabo esta instalación deportiva. Ese é o exemplo claro do que nós queríamos facer e vostedes non nós deixaron facer, evidentemente, nun tempo de bonanza onde había dispoñibilidade económica para levar a cabo este proxecto. Agora veñen vostedes e que fan? Copian o que criticaron en Barreiro e na Florida, pero si xa llo deixamos feito? O complexo é a forma de xestionar a concesión de obra pública deses dous complexos, fixémoslo e vostedes o criticaron, se o Partido Socialista votou en contra desa idea, estivo

sempre en contra dos complexos de A Florida e de Barreiro e agora resulta que son un éxito de asistentes, de usuarios, de xestión, dúas instalacións que custaron quince millóns de euros e que o custo foi cero para as arcas municipais e agora vostedes aquí o que criticaron durante moitos anos o Sr. Calviño e algúns máis, agora cópiano e inténtano facer en Navia, benvidos xa llo dixemos, pero nós queremos máis, parécenos que este proxecto é insuficiente, que Vigo necesita e ten demanda dunha piscina olímpica e hai que facela, xa que en tódalas grandes cidades hai unha piscina olímpica, que ademais pódese utilizar para dous usos, para o deporte federado e demanda de competición que hai e, ao mesmo tempo para ocio porque é posible as dúas opcións. Iso é o que pretendemos nós dende o Partido Popular na Cidade de Vigo e, a través da Deputación no ano 2008, vese claramente como vostedes non quixeron facer a cesión destes terreos.

Polo tanto nós seguimos traballando dunha maneira positiva por esta cidade, con proxectos importantes, agora vaise a por en marcha o Campo Federativo de Coia que está abandonado, que o teñen totalmente arruinado, a Deputación vai investir nun acordo coa Federación Española de Fútbol, que xa llo faremos público non se preocupe vostede, xa está aprobado na Xunta de Goberno, a licitación e máis de un millón e medio de euros vaise destinar a ese campo. Tamén imos facer en convenio coa Universidade de Vigo, xa que co Concello non se pode facer porque vostede rexeitan tódalas propostas da Deputación para buscar o enfrontamento e a confrontación, un campo de herba para o equipo de Rugby da cidade de Vigo xa que as instalacións actuais son un pouco decadentes. Esa é a situación, polo tanto nós consideramos que é insuficiente ese proxecto e queremos un proxecto máis ambicioso, que se pode facer.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: A verdade é que creo que tiña razón o Sr. Alonso, gracias, porque é verdade que o Sr. Louzán ten moita maxia, e a maioría da maxia que utiliza é contra Vigo, polo tanto hai que ter bastante imaxinación e moita maldade, para aplicar sempre esa maxia que prexudique precisamente á cidade que máis sostén o funcionamento da Deputación, porque é a que máis aporta, e ao mesmo tempo seguir prexudicando con políticas que intentan marxinar a Vigo, pero eu creo que non o vai a conseguir, o único que fai é prexudicar aos vigueses, pero automaticamente os vigueses tamén lle pedirán contas e esixiranlle

responsabilidades a el e a toda a súa corporación, continuando con vostede Sr. Figueroa.

A verdade é que vostede segue por ese camiño de maxia porque nos propón uns temas que nos leva ao pasado é a maxia do pasado, estamos a falar de proxectos que fixeron, xa llo temos dito, vostede leva como concelleiro desta Corporación vinte e cinco anos, algo tería que haber feito vostede? Algún compromiso tería que haber adquirido? A parte de moitas maldades, ten que asumir a súa cota de responsabilidade

Pero para nós o pasado é o pasado, o que nos importa é o presente e o que lle pedimos a vostede é que nos fale dos vinte e cinco millóns que sempre nos está ofrecendo, incluso no Pleno anterior, hai tres Plenos que nos ven dicindo que vostedes están dispostos a poñer vinte e cinco millóns de euros para o deporte vigués, concréteoo, déanolo, vailllo agradecer á cidadanía e o deporte vigués, a ver si así tamén lava un pouco a súa imaxe.

Polo tanto, pídolle por favor que falemos do presente e de cara ao futuro, non me fale esta vez do Proxecto de Navia, ten vostede unha moción presentada no seu tempo e dará vostede alí os argumentos, porque que lle vou dicir do Proxecto de Navia unha marabilla, precioso, pero despois na outra moción. Agora pídolle a vostede que nos dea os vinte e cinco millóns de euros se está disposto a dárnolos, se está disposto a asinar o convenio para o desenvolvemento e a perfección do deporte vigueses e as súas infraestruturas diso se trata; polo tanto, ánimo home, fágase bo, faga unha achega, colabore, sexa vostede positivo.

Do Campo Federativo que lle vou contar a vostede, esa proposta e ese compromiso que teñen de poder de xogar o partido de España en Pontevedra e marxinar a Vigo, aquel famoso seis de febreiro que se ía a realizar o partido en Vigo e ao final levárono a Dubai, polo tanto eses son temas que xa veremos. En canto ao campo de rugby de momento está na fotografía do Faro de Vigo, xa veremos a súa execución cando vai ser, polo tanto colla o compromiso e déannos os vinte e cinco millóns de euros a esta cidade que os merece e reclámallos.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago

Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Fernández Pérez, instando á Deputación os 25 millóns de euros para proxectos deportivos en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4(75).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE FACILITE UNHA INTERLOCUCIÓN DIRECTA QUE NOS PERMITA COÑECER O NÚMERO DE DEPENDENTES NA CIDADE, ASÍ COMO A IGUALDADE DE TRATO E PROPORCIONALIDADE CARA O CONCELLO NAS APORTACIÓNS DA XUNTA O PLAN CONCERTADO EN RELACIÓN Ó RESTO DOS CONCELLOS DE GALICIA. EXPTE. 644/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de abril, número 644/1101, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 07 de Marzo de 2013 A Xunta de Galicia resolve as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2012 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de Marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Nesa resolución apróbanse as contías correspondentes a cada un dos Concellos de Galicia.

Sirva como exemplo do reparto efectuado pola Xunta de Galicia neste programa que existen diferenzas en Programas Básicos de ata 188.675,28 euros, comparativamente entre o asignado a Vigo e o asignado a algúns Concellos con

menor numero de habitantes.

Nas Axudas a Dependencia as diferenzas entre os recursos asignados a Vigo e os asignados a outros Concellos son incluso maiores chegando nalgún caso os 1.544.688,69 euros, en detrimento das persoas dependentes da nosa cidade.

Esta situación de falta de proporcionalidade nas axudas da administración autonómica pode conlevar consecuencias moi graves como o desmantelamento dos servizos sociais ou o retraso na atención as persoas dependentes.

Así mesmo vense producindo de forma sistemática unha rebaixa nas aportacións da Xunta de Galicia ao Plan Concertado.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO:

1º Esixir a Xunta de Galicia que facilite o Concello de Vigo unha interlocución directa coa administración autonómica e non a través de medios telemáticos como sucede na actualidade, que nos permita coñecer o numero de dependentes existentes na cidade de Vigo. Así mesmo esiximos igualdade de trato e proporcionalidade cara o Concello de Vigo nas aportacións da Xunta de Galicia o Plan Concertado en relación o resto de concellos de Galicia.

2º Esixir a Xunta de Galicia unha explicación motivada do reparto efectuado os diferentes Concellos de Galicia e os criterios utilizados para estas asignacións.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 22 de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: A verdade é que estaba escoitando atentamente, cando falaban destas mocións, fíxense que non me levantei, eu que teño pouca paciencia para estar a aguantar, ás veces, “bobadas”.

Estaban falando vostedes do Aeroporto de Vigo, do Deporte e eu estaba pensando, pero que lle fixeron os cidadáns de Vigo á Xunta de Galicia? Que culpa teñen os cidadáns/as de Vigo de vivir nunha cidade como Vigo? Porque si tocamos eses aspectos tan importantes e o abandono que fan, o desleixo das súas funcións tanto no Aeroporto como no Deporte, preocupante, chegamos aos Servizos Sociais e aí, que queren que lles conte, si que é preocupante.

Por isto presentamos esta moción para resaltar varias cousas, primeiro que os cidadáns de Vigo teñen o mesmo dereito que tódolos cidadáns de Galicia e de

España, vivan onde vivan porque así están recoñecidos pola lei.

Con data de sete de marzo do 2013 a Xunta de Galicia resolveu as contías de transferencias finalistas, efectuadas no exercicio do 2012, ao abeiro do Decreto 99/2012 de dezaseis de marzo, polo que se regula os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento. Nesa resolución aprobáronse as contías correspondentes a cada uns dos Concellos de Galicia, e agora vanme permitir que llelos mostre. Aí apróbanse o mantemento dos programas básicos con contías tales como para A Coruña 617.939,15 euros, para Vigo 429.863; en Dependencia, aquí teñen os gráficos, para A Coruña 2.651.987,14 euros, para Vigo 1.295.974,17; datos globais para A Coruña 3.269.926,29 euros, para Vigo 1.725.837,60. Creo que non fai falla que faga ningún comentario, miren a gráfica, comparen os datos e fíxense, a de cor vermello é Vigo, esta de cor azul é a de A Coruña, fíxese por onde vai xa se sae ata do papel.

Esiximos á Xunta de Galicia que facilite ao Concello de Vigo unha interlocución directa coa administración autonómica e non a través de medios telemáticos como sucede na actualidade, que nos permita coñecer o número de dependentes existentes na cidade de Vigo. Así mesmo esiximos a igualdade de trato e proporcionalidade na achega que a Xunta de Galicia fai ao Plan Concertado con relación ao resto dos concellos de Galicia.

Segundo, esiximos á Xunta de Galicia unha explicación motivada do reparto efectuado nos diferentes concellos de Galicia e os criterios utilizados para estas asignacións. Supoño que na quenda de réplica contaránme o ben que o están facendo e o que lles preocupan os servizos sociais e as persoas dependentes.

Tamén me gustaría engadir que vostedes me explicaran a razón pola cal o martes, no Pleno do Congreso retiran oitenta e sete millóns de euros que van dedicados á Dependencia, e o Partido Popular vota en contra de que se incluían eses oitenta millóns de euros que van dedicados á dependencia e tódolos outros grupos votan a favor. Se están vostedes preocupados polos servizos sociais é o momento que teñen para unirse a esta petición e votar a favor desta moción.

SRA. VELOSO RÍOS: Pois si, atopámonos con que o Partido Popular afoga aos Concellos e vai aplicando, por adiantado xa, a eliminación de competencias en Servizos Sociais dos Concellos senón é mediante unha lei, como ese anteproxecto

de Lei de reforma de Administración Local que presentou, e que puxo de acordo a todo o mundo no sentido de estar en contra dese anteproxecto, mentres non aproba esa lei faino mediante a eliminación de recursos económicos, eliminamos os recursos económicos aos concellos para poder prestar os Servizos Sociais que a Xunta de Galicia non está prestando e así imos aplicando xa a mesma política de servizos sociais, é dicir, a eliminación das políticas de servizos sociais en tódalas aquelas cidades, en todos aqueles concellos, governe o Partido Popular ou non governe e parece que especialmente naqueles concellos onde non governe. Substituímos a política de servizos sociais pola política preferida do Partido Popular que é o “sálvese quen poida”, que apande cada que cos seus problemas, quen teña recursos económicos de seu terá algunha solución e quen non que morra, directamente, e canto máis preto da cidadanía están máis teñen que mudar o discurso porque ultimamente escoitamos a persoas do Partido Popular nos concellos ou mesmo na Xunta de Galicia, manter un discurso radicalmente oposto ás políticas que están aplicando dende tódolos gobernos aí onde están. As súas decisións políticas son as que son, e no estado realizan axustes como lle chaman eles, é dicir, recortes puros é duros en dependencia, e aquí en Santiago de Compostela a Sra. Mato di que por suposto que non están de acordo con eses recortes e con eses axustes, pero logo aplícanse na Xunta de Galicia e os aplican a tódolos servizos que ten que prestar a Xunta de Galicia e que presta ou non, e ademais aplicanos tamén nos plans concertados para que nos concellos tampouco se poidan prestar eses servizos sociais que eles non están prestando.

Na Xunta de Galicia recortan o Plan Concertado, reducen primeiro un 15% as axudas á Dependencia para todo o mundo, reducen os niveis e deixan a xente sen niveis e logo establecen o copago sanitario para as persoas dependentes atopámonos con situacións realmente dramáticas, crueis onde hai xente a que se lle está deixando sen nada absolutamente, podíamos ler hai uns días un artigo na prensa dun escritor vigués que contaba “a miña nai ten Alzheimer moi avanzado e hai ben tempo que é absolutamente dependente, eu son o seu titor para todo o que teña que ver en relación coa administración sanitaria e hai uns días recibín unha notificación da Consellería de Traballo e Benestar informándome de que a partir de agora copago sanitario para ela, e que decida eu se acepto ou non o copago sanitario, se o acepto xa llo van quitando da pensión e se non acepto pois

segundo a terrorífica notificación que me envían, teño eu que responsabilizarme de adquirilos”. Esas son as políticas sociais do Partido Popular, esas son as políticas sociais que está aplicando dende o Estado que está aplicando dende a Xunta de Galicia e que está obrigando a aplicar aos Concellos mentres non lles quite directamente as competencias en Servizos Sociais, isto está pasando na nosa cidade e está pasando en todo o país, está pasando en toda Galicia.

Logo temos que escoitar discursos de “que por suposto non estamos de acordo que a situación é dramática” e exactamente igual que podemos escoitar a cargos do Partido Popular dicindo que están a favor da dación en pago, pero teñen que cambiar o partido dende dentro, ou se poñen camisetas de afectados polas preferentes, esa é a realidade.

Aquí no día a día, no cara a cara manteñen un discurso porque é moi difícil dar a cara cando está sendo tan cruel coas persoas que o están pasando mal. Pero as políticas do Partido Popular son as que son e este é un exemplo máis, por suposto que nós tamén demandamos da Xunta de Galicia que se atenda ás persoas dependentes como hai que atendelas, ademais que se manteña a Lei da Dependencia, as axudas, que por suposto non haxa copago sanitario, que se manteñan as axudas aos concellos a través do Plan Concertado e na medida na que o precisan e no Concello de Vigo desgraciadamente precisámolo nunha medida moi elevada.

SRA. CENDÓN ALONSO: Estamos a falar das contías destinadas a financiar os Servizos Sociais Comunitarios deste Concello e di vostede ben, Sra. Abelairas, na exposicións de motivos, que veñen reguladas polo Decreto 99/2012 de dezaseis de marzo, sen embargo parece que vostede non comprende o artigo 47 que é o que determina a asignación das contías a cada concello, a cada Corporación Local. Di aquí que non fai referencia ao número de cidadáns empadroados senón que se toma como referencia de asignación de cada ano os servizos efectivamente prestados e debidamente xustificados no exercicio inmediatamente anterior, na anualidade inmediatamente anterior. Esta é a explicación das diferencias que vostede atopa, os concellos non reciben en función dos cidadáns, reciben en función dos servizos que presta. O concello de Vigo como corporación de máis de 20.000 habitantes recibiu o que tiña que recibir, as retribucións proporcionais tanto

aos servizos prestados como o número de horas de servizo de Axuda ao Fogar básico prestados correctamente e xustificados no exercicio do 2011.

Tamén o servizo de Axuda no Fogar que se presta a persoas de dependencia recoñecida, con plan de coidados individuais recoñecidos finánciase en función das horas mensuais debidamente xustificadas. A Xunta de Galicia liquida trimestralmente todas as horas que se prestan aos dependentes, o Concello de Vigo, como non debería ser doutro modo é o que máis financiamento recibe de toda a provincia de Pontevedra, pero este concello podería recibir máis financiamento senón deixara de prestar horas que ten asignadas. Si, este Concello non presta horas asignadas e por este motivo ao mellor non recibe o que debería recibir.

Dicía vostede que non ten nada que explicar pois ao mellor ten que explicar, Sra. Abelairas, porque o Concello de Vigo é tan ineficiente na prestación do servizo que lle corresponde e por que deixamos de recibir axudas en base a que non se presta servizos. Estoulles a falar de horas dispoñibles, financiáveis por outras administracións e que non se están a prestar, inaudito. Os gobernos socialistas non deixan de sorprendeme, mentres o goberno socialista de Ourense pide facturas falsas a prestadores de servizos para xustificar o inxustificable, o Concello socialista de Vigo deixa de prestar horas que ten recoñecidas e que podería aplicar. Os primeiros están nos xulgados, os segundos ao mellor deberían estalo tamén. No último trimestre de 2012 as horas de Axuda no Fogar en toda Galicia foron incrementadas en tódolos concellos que puideron xustificar a actividade, por que non foron incrementadas no Concello de Vigo? Porque tiñamos 400 horas/mes sen utilizar Sra. Abelairas, e por iso vostedes non só recibiron máis financiamento da Xunta de Galicia senón que hipotecaron o futuro, porque como lle dicía consolídase unha actividade para o ano seguinte. Sra. Abelairas ten que explicarnos iso, ten que explicar neste Pleno por que o Concello de Vigo deixa horas valeiras sen cubrir, por que deixa sen atender a dependentes que poderían ser atendidos.

Con respecto ás canles de interlocución, Sra. Abelairas, as mesmas canles que tódolos concellos, mire voulle dar un correo electrónico que é dependencia.vigo@xunta.es e si quere máis directa tamén lle dou un teléfono 986 213995, anóteo, pero mire estamos no 2013 e os canles telemáticos son os que a tempo real dan información, son os que quere todo o mundo. Vostede pode formar aos

funcionarios deste Concello porque hai un servizo en Santiago e tódalas suxestións dos concellos incorpóranse e fórmanse aos funcionarios neste programa.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: A parte de que é un tema moi serio, a min estábame dando a risa, Sra. Cendón. Que me fale vostede de facturas, eu vou chamar ó Sr. Bárcenas para que me faga a declaración da renda imaxínese. Imaxínese que me fala de facturas falsas, se está na cárcere debería de estar medio Partido Popular ou tódolos que meten man no caixón.

Sra. Cendón, nin os cidadáns de Vigo nin eu creémoslle en paxaros preñados, que veña falar vostede de servizos sociais é que me da a risa, e dáme a risa, sabe por que? porque parece mentira que vostede acabara de meter a pata, pero vostede leume a moción? Sabe o que lle estou pedindo? O que lle estou pedindo é que nos dean datos, e sabe por que? Porque un pouco sabemos, e dos enganos do Partido Popular máis aínda.

O artigo 44.1 garante a igualdade de oportunidades no acceso ao servizos sociais para toda a cidadanía con independencia do seu lugar de orixe. O artigo 51.2 di que será motivada e que se notificarán a cada unhas das corporacións locais no prazo máximo de tres meses. Vostedes, entre que se lles manda os informes e responden pasan máis de seis meses e mentres tanto hai que atendelos.

O problema informático, ese que vostedes acaban de inventar, que se pensan que os cidadáns somos parvos e non o somos, o sistema de información de Galicia sobre a atención á dependencia, ese programa que non permite saber os dependentes que hai en Vigo, que non nos deixan entrar porque sodes todos uns tramposos, uns embusteiros e uns cara duras, non permiten que nos coñezamos, esas das que vostede fala Sra. Cendón, mentireira. Vaia a contarllo vostede a unha señora que ten concedidas 70 AES e vostedes non lle dan as 70 horas porque o programa informático ten só capacidade para unha soa vacante de 64 horas, e repito, mentireira porque non nos permiten entran a saber cantos dependentes hai. Soamente podemos meter 40 dependentes e se se ceden esas horas non nos permiten darlle a dependencia e tena que atender o Concello Vigo cos seus propios medios porque ese sistema informático, vostedes inventaron o señor que sae no plasma e nós temos que falar co ordenador, e eu non quero falar cun ordenador, quero falar coa conselleira, coa directora xeral, cunha persoa física non cun

ordenador que mente e menten vostedes, repito mentira.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Abelairas Rodríguez, instando á Xunta unha interlocución directa para coñecer o número de dependentes da cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECIMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(76).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 21 de marzo 2013 e 25 de abril de 2013.

1.2(77).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POLOS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 21 de marzo de 2013 ó 25 de abril de 2013.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo

4.- MOCIÓNS.

4.1(78).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REDACCIÓN DUN NOVO ANTEPROXECTO DE EXPLOTACIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA MÁIS AMBICIOSO E ADECUADO ÁS NECESIDADES REAIS. EXPTE. 639/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de abril, número 639/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“Vigo ten un potencial deportivo moi importante que necesita instalacións que dean cumprida resposta á demanda de cidadáns, colectivos e clubs deportivos. A

cidade de Vigo precisa un complexo de auga moito máis ambicioso do que expuxo o goberno municipal para Navia. A gran demanda cidadá que existe en Vigo dunhas boas instalacións deportivas maniféstase na gran acollida que tiveron os complexos de auga de Coia e Barreiro adxudicados por un goberno do Partido Popular. Nembargantes a acción deste goberno municipal en materia deportiva sempre se manifestou mediocre e de escaso valor para os usuarios.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

Redactar un novo Anteproxecto de explotación para o novo Centro deportivo municipal de Navia mais ambicioso e adecuado ás necesidades reais da cidade que o aprobado pola Xunta de Goberno Local.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 22 de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Imos tratar o tema que agora toca con respecto a unha proposta que fixo o Partido Popular que nos parece que é unha proposta moi coherente, razoable e esperamos que tódolos grupos políticos poidan apoiar esta moción.

No ano 2006 o Partido Popular cando gobernaba esta cidade, adoptou unha decisión con respecto á construción e explotación de varios servizos públicos, uns as piscinas cubertas de Barreiro e de A Florida, tamén con respecto á construción de seis aparcadoiros e unha serie de xestións a maiores que se fixeron por concesión de obra pública, creo que resultaron proxectos moi interesantes e que defendían os intereses da nosa cidade. Así no ano 2006 se puxo en marcha a construción das piscinas cubertas de Barreiro e A Florida, era unha nova forma de xestión, unha nova fórmula de intentar facer instalacións que demandaba a cidadanía con custo cero para as arcas municipais e así se fixo. Cuestión na que o Partido Socialista estivo en contra, denunciou, incluso intentou boicotear pero ao final levouse a cabo cun rotundo éxito porque agora estamos a falar de máis de 8.000 usuarios entre as dúas instalacións, de case preto de 100 persoas ás que se lle deron emprego e sobre todo estamos dando resposta á demanda que propoñían os veciños/as de Vigo.

Esta fórmula que o Partido Popular puxo en marcha e da cal sentímonos moi

orgullosos, ademais unha inversión de case quince millóns de euros que non era nada doado naquel momento, e por iso nós entendíamos que a forma de xestión das instalacións deportivas da nosa cidade tiñan que ir por ese mesmo camiño. Por iso agora suxírese unha proposta do equipo de goberno, que nós xa dixemos que estabamos de acordo, porque esa é a forma de xestionar servizos con custe cero para as arcas do Concello, por isto o proxecto que vostedes propoñen en Navia considérase que é insuficiente.

Nos temos o borrador dun proxecto presentado no ano 2008 que vostedes rexeitaron, que non quixeron para Navia e creo que este complexo de instalacións deportivas debe de contemplar a demanda que formula a cidadanía dende hai moitos anos, que é a construción dunha piscina olímpica con outros servizos a maiores de ocio, de piscinas máis pequenas, de recreo, de garderías etc. que nós consideramos que para un emprazamento como é Navia parécenos a oportuna e sobre todo porque pensamos que este é o momento de facer proxectos ambiciosos de cara o futuro, nunha poboación que está crescendo como é Navia e toda a zona de Alcabre, de Bouzas, de Coia que daría cobertura a toda esa zona da cidade, por iso cremos sería bo modificar este anteprojecto que teñen e intentar darlle cobertura a tódalas demandas que poidan propoñer.

É unha oportunidade que seguramente si non a aproveitamos agora non o faremos nunca, e por iso dende o grupo municipal do Partido Popular instamos ao goberno a que rectifique e que sexa máis ambicioso este proxecto, xa que o que hai agora mesmo é insuficiente e dentro duns anos verémonos limitados se non o facemos agora.

Creo que o Partido Popular deu mostras dunha magnífica xestión en canto á instalacións e á construción de instalacións deportivas en Vigo, e por iso cremos que estamos no camiño correcto porque nos avala a experiencia, nos avalan os datos, os números e instalacións que xa fixemos, que puxemos en marcha. Eu creo que ten que ser a liña a seguir no futuro, sobre todo debido á situación económica que estamos a vivir e a crise, espero que a crise poida soportar esta situación e que estas instalacións se poidan construír co menor custe posible para as arcas municipais. Non sei se será o 100%, pero en calquera caso temos que intentalo porque o exemplo está claro, Barreiro e A Florida funcionan correctamente, os aparcadoiros que se construíron tamén, parécenos que é a liña a seguir.

SR. ALONSO PÉREZ: Saben por que o Sr. Figueroa e o Partido Popular non podían votar a favor do investimento dos vinte e cinco millóns de euros? Porque nunca existiron, é falso.

Eu tiven un seguimento das propostas como concelleiro do Deporte que facía o Partido Popular e onde estaba a mentira, está aquí: a Alcaldesa dona Corina Porro, concelleira de Deportes dona Lucía Molares, proxecto para Navia, do proxecto deportivo 18.000 metros cadrados adicados á superficie comercial e aparcadoiro subterráneo era os que pagaban, quen tiñan os vinte e cinco millóns de euros eran os centros comerciais que se poñían en Navia. Os veciños, a Asociación de Veciños que o sabía, o que fixo foi opoñerse porque querían instalacións deportivas, non un centro comercial nun espazo dedicado ao deporte, e os veciños paráronlle o proxecto ao Partido Popular, esta é a mentira. Despois resulta que cambiou o goberno e toucoume ter a responsabilidade de Deportes, entón aparece un proxecto do Partido Popular onde desaparecen os centros comerciais, propaganda, cando o tiñan que facer eles o pagaba un centro comercial e no espazo deportivo facían un centro comercial, cando non o tiñan que facer eles propaganda, vinte e cinco millóns de euros que dicía que tiña a Deputación, nunca os tivo. Non lle gusta que lle diga que facía maxia, dígollo doutra maneira, era mentira, unha falacia nunca tivo a Deputación vinte e cinco millóns de euros, porque cando este concelleiro quíxose poñer en comunicación coa Deputación para concretar o investimento nunca deu o paso porque non existían. Existiron os millóns dun centro comercial que quería poñer un centro de auga nunha instalación deportiva en Navia e que os veciños paralizaron.

Xa está ben de propaganda, de cousas que o Partido Popular non fai e adxudicarse como súas, quen puxo a primeira pedra e a inauguración dos Centros de auga de Barreiro e da Miñoa foi o Bloque Nacionalista Galego nun goberno co Partido Socialista, pero coa responsabilidade deportiva do Bloque Nacionalista Galego. É falso, o único que tiña o Partido Popular foi un contrato en non volva dicir que puxo a herba sintética de San Miguel porque aquí está o Secretario Xeral de Deportes daquela que a puxo, non sigan dicindo falsidades. O Bloque Nacionalista Galego na responsabilidade de Deportes desta cidade, terminou en Valladares a piscina que non foi capaz de rematar o Partido Popular, campo de fútbol en Navia, Pavillón de

deportes en Navia, cambio de tódalas cubertas dos pavillóns deportivos, remodelación do Pavillón Deportivo de Bouzas, onde a Deputación puxo herba sintética, que é real, o Concello arranxou os vestiarios e púxolle electricidade para que puideran xogar, xa está ben de propaganda falsa.

Eu reto dunha vez por todas a que realmente o Partido Popular deixe de facer propaganda cos vinte e cinco millóns de euros e se sente co goberno actual para que se realmente aparecen os vinte e cinco millóns, poder mellorar a proposta de Navia.

Non podemos votar a favor porque non sabemos a que proxecto se refire o Partido Popular, se ao do 2006 onde había os centros comerciais que eran os que pagaban ou ao do 2008 cando eles xa non gobernaban en Vigo.

O Partido Popular ten que actuar cun mínimo de seriedade para ser crible e facer as cousas con sentido común, porque creo que as administracións están para complementarse e en Deporte e bo que se fixera así. Pero basta de mentiras, de atribuírse obras que non fan, proxectos que tratan de enganar e se non lle gusta a palabra de “mago” dígolle a de “mentira” da Deputación, non hai os vinte e cinco millóns de euros, non os houbo nunca, nada máis os dun centro comercial onde se querían poñer instalacións deportivas en Navia e que afortunadamente os veciños e o Bloque Nacionalista Galego paralizamos, e agora hai en Navia, instalacións deportivas e vanse seguir podendo facer.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Queda claro que nos van dar os vinte e cinco millóns de euros, xa quedou claro no punto anterior, polo tanto eu creo que contamos con eles e non se esqueza, Sr. Figueroa, a ver si é verdade e veñen para acá, fan moita falla, concréteno e déannolos canto antes.

Do que estamos a falar aquí agora e do tema do proxecto de Navia, e o Partido Popular proponnos unha moción que a verdade que é fume, non di nada, diría que case é un panfleto porque si miramos o contido da moción e o texto, tanto a argumentación como a conclusión pois non é nada. Entón cábenos dicir, pero teñen vostedes realmente un proxecto para Navia? Eu creo que non, en calquera caso é un proxecto deportivo? Non, se miramos os antecedentes sobre este tema, tanto no 2006 como no 2008 era propaganda electoral, fume electoral, intentando enganar, votar un cebo para ver si picaban os cidadáns e volvían a darlle unha maioría

absoluta ao Partido Popular, cousa que os cidadáns son moito máis sabios, moito máis lúcidos e dixeron non por aí non, outro engano máis non, de ningunha maneira.

Pero tanto nunha proposta como noutra, en ningún caso hai un centro de carácter deportivo, é fundamentalmente un centro de carácter comercial que ten instalacións deportivas, polo tanto eu creo que iso xa foi rexeitado e cando falamos de Navia non partimos de cero, Navia xa ten máis do 50% do seu proxecto desenvolvido, porque xa ten unhas instalacións para o fútbol que están desenvolvendo a súa actividade, xa ten un polideportivo para que desenvolva as súas actividades e agora vai nesta fase o complemento que lle vai dar corpo ao conxunto de Navia nun proxecto de futuro, nun gran proxecto para o deporte e para a cidadanía, diso se trata, non estamos comezando, estamos continuando e desenvolvendo.

O proxecto que se presenta pretende complementar a distribución territorial dos servizos, que incluso vai ir moito máis alá dos nosos límites territoriais, incluso no seu volume o proxecto presentado é superior case aos dous conxuntos que temos en Barreiro e que temos na Florida, posto que o deseño actual está estudado, preparado e previsto para 7.000 usuarios cando no proxecto de vostedes falaba de 6.800, polo tanto o noso proxecto é superior e ademais pretende responder as novas demandas en función da dinámica deportiva da nosa cidade que unha dinámica potente. Si iso é así seguimos establecendo e desenvolvendo a rede municipal dos servizos deportivos para que alcance o máis amplo número e posibilidades.

O novo centro non soamente levará un desenvolvemento dos centros e das actividades de auga, levará tamén aparcadoiros, novas pistas polideportivas, un novo campo de fútbol, pistas de pádel que non estaban contempladas e que se contemplan no actual proxecto. En calquera caso quérolles dicir a vostedes que o proxecto é de saída onde en proceso de libre concorrència as concesionarias, as licitadoras terán que facer aquelas achegas e melloras que permitan desenvolver, o máis optimamente, o conxunto da parcela que é para usos deportivos e o conxunto da actividade deportiva na nosa cidade. Polo tanto é posible unha mellora? É posible traballar nese campo? O dirá precisamente a libre concorrència pero os mínimos, as necesidades, os parámetros e os obxectivos están fixados

precisamente neste proceso que sairá concurso e que estamos en proceso a desenvolver.

Polo tanto, pódolle dicir a vostedes que dende o punto de vista deportivo este proxecto e moito máis ambicioso e máis completo que calquera outra suxestión ou proxecto que se mandou noutros tempos, e que este proxecto vai dar complemento ás novas realidades que require o deporte vigués, aínda que non van ser definitivas porque o deporte é cor, é paixón, é dinamismo e sempre haberá novas necesidades, que esperamos cumprir cos vinte e cinco millóns de euros que vostedes nos van a dar.

SR. FIGUEROA VILA: Parece que unha vez máis queren desvirtuar as cousas ben feitas, pois mire os complexos de auga de A Florida e Barreiro son dous proxectos do Partido Popular, lles guste ou guste ao Bloque Nacionalista Galego. É difícil, cando un fai crítica e ten un gasto de un millón de euros dunha Universiada que non se concretou para nada, ten gastos dunha selección galega que custou un 1.200.000 euros ou ten gastos ao mellor dun campionato de jockey onde deixou unha débeda de 200.000. É complicado dicirlle aos cidadáns que se tiraron case dous millóns de euros para tres cuestións que ao final non se concretaron, iso si que foi para facer política.

Nós volvemos a reivindicar, cando gobernou o Partido Popular, a piscina de Teis, o Edificio da Federación, o Complexo deportivo de Samil etc. Claro que seguimos traballando para o futuro, claro que o Campo Federativo de Coia vaise construír cun acordo coa federación galega, coa española onde claro que estará ese partido da selección en Vigo, por suposto que está metido dentro dese acordo e dentro dese convenio cousa que vostedes non fixeron, e os catorce campos de fútbol de herba sintética da Deputación tamén están aí metidos.

Nós dixémoslle dende o ano 2006-2008 que Navia requiría un complexo, puxémolo en marcha no ano 2006 unha idea, no ano 2008 dixémoslle que podíamos retomar esa idea e vostedes negáronse rotundamente sendo o custe para o Concello cero, xa que ese montante deses vinte e tantos millóns de euros ían ser investidos pola Deputación de Pontevedra nun momento onde a situación económica era boa e podía facer este tipo de actuación.

Polo tanto, volvemos a reiterarnos nese compromiso, en Navia a nós non nos van

dar leccións, eu firmei 3.000 vivendas protexidas, vostedes ningunha, esa é a situación, non nos dean leccións do compromiso con Navia, aí están os feitos e falan sós. Nós tivemos un compromiso con Navia e eu firmei 3.200 licencias de vivendas protexidas, ese é o exemplo, e nós queríamos continuar, eses proxectos puxéronse en marcha e a través de vostedes negociouse coa cooperativa cando vostedes estaban en Comisións, o Sr. Rodríguez Díaz en UXT e as cooperativas das asociacións de veciños, sábeno perfectamente porque negociaron comigo algúns de vostedes, as inversións que fixeron e algúns proxectos que se levaron a cabo, si ou non? Pois supoño que será así porque non me deixarán mentir desas reunións que houbo onde vostedes e os seus sindicatos participaron, do que estamos moi orgullosos todos.

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro e catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACORDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, instando un novo anteproxecto de explotación para o centro deportivo de Navia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2(79).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL Á PRESENTACIÓN DUN PLAN DE APROVEITAMENTO DO BUS ELÉCTRICO. EXPTE. 640/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de abril, número 640/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araujo Pereira, formula a seguinte moción:

“O bus eléctrico deixou de prestar servizo fai xa meses e o goberno municipal non foi quen de dar una explicación sobre o futuro do vehículo.

Dende a súa retirada das rúas do Casco Vello, o bus eléctrico quedou almacenado nas instalacións de Vitrasa. Fai unas semanas foi trasladado ao parque central municipal.

Descoñecemos neste intre as intencións do goberno municipal respecto a este vehículo que supuxo un gasto de medio millón de euros a las arcas municipais.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte os seguintes acordos:

Instar ó goberno municipal á presentación dun plan de aproveitamento do Bus eléctrico de xeito que se aproveite o investimento realizado na súa adquisición”

A comisión informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, na súa sesión do 22 de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ARAÚJO PEREIRA: O autobús eléctrico, posto en marcha no seu momento polo Bloque Nacionalista Galego seguindo consideracións da “Estratexia Europea Axenda 21” cando formaba parte do anterior goberno local en coalición, tivo un custe de 500.000 euros entre o vehículo e custes de recarga, estivo en funcionamento de quince meses só nove, sendo o transporte público urbano con enerxías alternativas no Casco Histórico cun proxecto do Bloque Nacionalista Galego, o noso Alcalde xa o quixo suprimir, sendo defendido novamente polo Grupo Nacionalista coa presión da nova aprobación de Orzamentos do 2012 o que fixo frear ao Alcalde en primeira instancia pero que en segunda instancia e cos Orzamentos aprobados, conseguiu paralizar.

Na actualidade non ten un uso público definido, aínda que o Sr. Concelleiro intentáranos convencer de que é para o uso dos traballadores do Plan de Emprego

Municipal. A verdade é que esta solución sen rumbo e temporal non se axusta a ningún plan que soluciona a mobilidade na zona vella desta cidade e que cumpra co obxectivo de promoción do transporte público con vehículos eléctricos.

Por iso, dende o Grupo Municipal do Partido Popular instamos ao goberno municipal á presentación dun Plan de Aproveitamento do bus eléctrico e facer efectivo ese plan, co fin de que se rendibilice a inversión realizada na súa adquisición e se consolide o transporte público urbano eléctrico.

Esta era a crónica dunha morte anunciada, porque o actual goberno non ten un proxecto de cidade e menos un proxecto en mobilidade, e non sabe como encaixar o transporte con enerxías alternativas, pena que o Bloque Nacionalista Galego regalase os votos dos seus electores a sabendas da falta de visión dun goberno totalmente desnortado en múltiples ámbitos.

Este goberno municipal non soubo resolver o problema do bus eléctrico en quince meses, estando case máis tempo parado que funcionando, e tampouco soubo dar solución á mobilidade no Casco Vello na nosa cidade, decidíndose en última instancia pola peor das solucións, retirar unha inversión de medio millón de euros e deixar sen servizo de transporte dende agosto de 2012 aos veciños da zona histórica da cidade. Nesa data o Alcalde e o seu concelleiro deixou claro que ía esixir responsabilidades á empresa que subministrou o autobús e a día de hoxe non temos noticias, nin expedientes abertos sobre reclamacións a esta empresa, é máis, fontes desta empresa confirmaron que non teñen noticias desta índole dende o concello de Vigo e que manterá o seu contrato facendo as revisións e mantementos periódicos que corresponda ao vehículo.

O Alcalde e o seu equipo de goberno seguen enganando aos cidadáns, argumentando reclamacións que non fan e vendendo en foros internacionais que o futuro do transporte desta cidade é o vehículo eléctrico, mentres paralizan unha das poucas alternativas que tiña a cidade nesta dirección.

O Alcalde coa súa política de illamento, de falta de negociación e totalmente partidista está xerando un aumento de custes en aspectos de mobilidade para tódolos veciños de Vigo, dado que non permite o establecemento do transporte metropolitano que xeraría unha redución de gasto para os veciños de case un 60%, non se permite a realización de aparcamentos disuasorios cunha inversión de máis de millón e medio de euros que melloraría a circulación coa redución de vehículos.

Máis de 150.000 entran dende concellos da área de influencia, da área metropolitana, e optimizaría os datos de usuarios de transporte público urbano xa que estes 150.000 subiríanse ao VITRASA tras deixar o seu coche.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Estamos practicamente de acordo coa argumentación que o señor representante do Partido Popular acaba de facer sobre o tema do bus eléctrico, pero non imos votar a moción por unha razón, porque na moción pídese algo co que nós non estamos de acordo que é que se presente un novo Plan de aproveitamento do bus eléctrico, por iso presentamos unha emenda de substitución. Nós o que queremos é que o bus eléctrico volva a repoñerse de inmediato e volva a funcionar para o que foi mercado e para o que foi feito ese proxecto, iso é o que queremos.

Dende o primeiro momento en que vostedes señores do Partido Socialista gobernaron e gobernan en solitario, neste mandato pasaron absolutamente dos problemas e do que se iniciou no Casco Vello pasaron desa campaña de revitalización, de posto en valor, do mantemento do Casco Vello que non hai máis que pasear polo Casco Vello, cousa que vostedes deben facer pouco, e ver como ese mantemento estase perdendo.

Levamos reivindicando esa brigada de intervención rápida que funcionou durante catro anos e que vostedes non volveron a poñer. Non hai ningunha iniciativa neste mandato para o Casco Vello, iso si hai eliminación de servizos que se estaban dando no Casco Vello e que algúns deles, pola nosa presión, tiveron que repoñer.

En canto o bus eléctrico, vostedes tiveron nas súas mans un medio de transporte limpo, ecolóxico e que aportaba unha gran mobilidade ao Casco Vello e o deixaron morrer; primeiro: aumentando o percorrido para que dunha frecuencia de paso de dez minutos, vostedes o converteron nunha frecuencia de paso de trinta e cinco minutos, a ninguén se lle ocorre pensar que se eu quero dende o Berbés vir ao Concello tendo que esperar trinta e cinco minutos por ese bus, evidentemente compénsame ir andando.

Segundo: nin unha soa campaña de difusión como estaban previstas.

Terceiro: en lugar de considerar este medio de transporte como un transporte especial e asumir a gratuidade para todos aqueles residentes do Casco Vello, vostedes o incorporaron no servizo de autobús normal e corrente.

Nós sempre pensamos que VITRASA ben podía asumir este custo gratuíto para os residentes: Cando non hai ningunha campaña de difusión, cando vostedes alongan o percorrido inútil e innecesariamente, cando vostedes ademais non fan promoción do propio autobús, evidentemente, o autobús non funciona. Voulle dicir unha cousa, no período de proba de máis de mes e medio que nós puxemos en marcha e era gratuíto no primeiro momento, o autobús ía cheo. Cando empezou a deixar de ter demanda? Cando aumentan a frecuencia e cando lle cobran por ese recorrido o mesmo prezo que calquera cidadán paga por unha liña o triplo ou catro veces máis longa, ese é o problema.

Polo tanto, nós queremos que se repoña, pero queremos que se repoña con medidas concretas, Sr. Rodríguez Escudero non sei se vostede sabe que ten un instrumento moi bo, que cada vez que chega un cruceiro a nosa cidade pódese utilizar ese autobús para dar un percorrido inmediato aos que nos visitan, e que en quince minutos podan ver todo o noso Casco Vello e polo tanto podan quedarse no Casco Vello.

Ten vostede aí un instrumento, o que non se pode facer é como non funciona parar, non, hai que esixirlle á empresa, o autobús está en garantía, señores do goberno, hai que esixirlle á empresa e nós xa o vimos dicindo que se non funciona e ten problemas se repoña, e que nos dean outro novo, hai que xestionar. Non vale con dicir estrágase e agora témolo aí, pero agora resulta que nos decatamos de que non está estragado, agora vostedes o utilizan de taxi para o persoal municipal, iso non é xestión.

Polo tanto se o Partido Popular ten a ben admitir a nosa emenda de substitución, nós o que queremos e que se poña en funcionamento de xeito inmediato, con medidas complementarias que axuden a restaurar un servizo que era moi importante para a mobilidade e a sostibilidade no propio Casco Vello.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: As avarías constantes no anterior servizo do bus eléctrico, a falla de viaxeiros, que non se podían incrementar pola autonomía do autobús nin pola capacidade do mesmo, o alto custo de propoñer o pago de dous condutores deste autobús a concesionaria VITRASA levounos a propoñer o cambio deste servizo. Intentouse, como xa dixemos nalgunha ocasión, denunciar este contrato porque viamos que este contrato estaba vicioso. Despois da consulta cos

técnicos municipais desaconsellaron esta medida ó ter serias dificultades e seria solvencia xurídica. O bus eléctrico está funcionando como xa se dixo nesta sala, tanto polo Bloque Nacionalista Galego como polo Partido Popular, neste momento non é un taxi e o transporte dos traballadores do Parque Central.

Vemos como por primeira vez o autobús eléctrico da cidade é un autobús que vai cheo de xente. Traemos en seis meses dúas veces a demanda do bus eléctrico a este Pleno. Cando o Sr. Figueroa empezaba este Pleno dicindo que temos que ter un pouco de sentido común e non podemos debater as cousas, nin traer as cousas varias veces a este Pleno, pois como todos saben temos o acordo de que en un ano non se deben debater as mesmas cousas, e o Partido Popular volve a incumprir este mandato e volve traer ó Pleno algo que está completamente repetido e asumido por esta corporación e por este goberno.

Como sabedes tamén, as xubilacións que houbo nos condutores do Parque Central nestes anos foron incapaces de ser substituídos por condutores novos, porque dende o Goberno Central quita un Decreto e nos fala da “taxa de reposición cero”. Non podemos substituír a estes condutores, co cal cando temos que acercar aos nosos traballadores, os do Plan de Emprego especiais aos centros de traballo témolo que facer mediante un medio de transporte propio, neste caso se podemos levar aos traballadores de vinte e dous en vinte dous, optimizaremos máis os recursos que temos no Parque Central tanto de medio físicos como de medios humanos.

Tamén xa dixemos neste Pleno fai escasos seis meses, como deben lembrar todos, esa proposta que agora vostede nos fai Sr. Domínguez dicíndonos que se poden asignar a colectivos, por suposto que se poden asignar a colectivos, xa o dixo o Sr. López Font neste Pleno que está a disposición dos colectivos sociais e dos colectivos da cidade, sempre que o soliciten ó Concello de Vigo, ó goberno da cidade. Cando vostede falaba da gratuidade deste autobús, vostedes mesmo sabe que aprobou a gratuidade solo por vinte e cinco días, chámame moito a atención que o Partido Popular nos fale do apoio ou non ao vehículo eléctrico, nos fale ou non de se esta cidade ten un proxecto sostible ao ser unha cidade intelixente.

O apoio ao vehículo eléctrico desta cidade e moito maior co que fan noutras cidades de España, como vostede sabe temos un convenio singular con Citroën, aínda que as nosas competencias non son de traballo que supera os tres millóns de

euros, por que? Por a falla de apoio da Xunta de Galicia á iniciativas industriais nesta cidade. Antes de final de ano aprobarase neste cidade a Ordenanza do vehículo eléctrico, unha Ordenanza que case non ten ningunha cidade de España, pero non só iso é unha cidade na que aposta pola participación dos seus cidadáns, por iso nesta Ordenanza están colaborando Zona Franca, Citroën, a Fundación da Enerxía e colaboraron tódolos colectivos desta cidade porque antes da súa aprobación a levaremos para a súa achega.

Claro que estamos en foros internacionais, vostede fala ben, Sr. Araújo, porque estamos facendo moitas cousas. Cantos Alcaldes ou concelleiros do Partido Popular, Deputados, Senadores, altos cargos da Xunta viaxan en vehículos eléctricos como fai o Alcalde da nosa cidade? Ningún. Ese é un claro exemplo tamén por este tipo de medidas, illamentos e proxectos, saben que temos máis de tres proxectos, nestes momentos, europeos que apoian a mobilidade e o transporte eléctrico, con grandes cidades de toda España e Europa. Transporte metropolitano Sr. Araújo, rétoo aquí e agora, a que se vostede quere somos capaces de asinar un convenio, o goberno desta cidade coa Xunta de Galicia para o transporte metropolitano, pero como vostede dicía, á xente das cidades de fora que veñen a Vigo que non lles custe aos vigueses/as ningún euro, con esas condicións mañá terá vostede un acordo co Concello de Vigo.

SR. ARAÚJO PEREIRA: A verdade é que como sempre me sorprende, si é verdade que teñen un convenio e tacha de que a Xunta non inviste, Sr. Regades, 120.000 millóns de euros investidos en Citroën para a promoción de emprego e para o mantemento do emprego.

Sr. Regades, segue vendendo fume, vende unha ordenanza de vehículos eléctricos onde nos di que está moita xente pero nós seguimos sen ver absolutamente nada, si Sr. Regades o Sr. Alcalde ten dous vehículos, un eléctrico e outro que non é eléctrico.

A realidade é que o grupo de goberno non ten un proxecto de cidade, tanto é así que eu creo que ata máis barato nos sairía levar ao persoal que vostede leva no autobús eléctrico, en "limusina", porque 500.000 euros son moitos cartos, Sr. Regades.

A falla de xestión e a negligencia na función de responsabilidades que xuraron e

prometeron ante a cidadanía viguesa fan que, en canto a transporte os cidadáns de Vigo teñamos que pagar o transporte público urbano máis caro de Galicia, que os comerciantes de Teis, Rúa Zamora, Rúa Barcelona, Rúa Zaragoza, Bouzas etc. visen diminuídos os seus ingresos debido a que os seus clientes e veciños non teñen onde deixar o coche, aumentou a recadación en sancións de tráfico en cinco millóns de euros nos cinco últimos anos, si en 832 millóns das antigas pesetas, sangrando aos vigueses a multas sen previamente solucionar onde aparcar o seu coche ou como facer recados ou xestións sen ter que moverse en vehículo propio. Xeraron un transporte público urbano deficitario, cunha baixada do número de usuarios de 800.000 nos últimos cinco anos segundo as cifras da concesionaria que tamén, Sr. Regades, queremos saber quen a audita.

Iso si, están gastando cinco millóns de euros dos cidadáns en subvencionar esta concesionaria, que subiu o billete en 23 céntimos nos últimos anos, veciños de Valladares, Coruxo, San Miguel, Beade, Bembrive, Zamáns, Cabral, etc. teñen que esperar a que pase o autobús ata unha hora. Isto fai que non teñan transporte público efectivo case 50.000 vigueses, isto si que é triste Sr. Regades.

En canto ao uso da bicicleta, que ultimamente co día mundial da bicicleta tanto venden, é lamentable que leven seis anos vendendo fume dado que non realizaron ningún só metro de carril de bici, nin sequera o planificaron, porque a realidade é que non cren neste tipo de transporte xa que xamais na vida o usaron, menos mal que hai miles de cidadáns que a pesar das trabas que lles impoñen e os riscos que asumen pola súa falla de xestión, acabarán por consolidar o uso da bicicleta como transporte urbano.

A PRESIDENCIA: Esqueceuse de pronunciar se aceptan a emenda de substitución do Bloque Nacionalista Galego.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Non a aceptamos porque pensamos que está incluída na nosa emenda.

VOTACIÓN: Con vintecatro votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández

Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araujo Pereira, instando a presentación dun plan de aproveitamento “Bus Eléctrico” para utilizar o investimento realizado, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3(80).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Á CONCELLERÍA DE FOMENTO A ELABORAR UN PLAN DE ASFALTADO E MANTEMENTO DAS RÚAS. EXPTE. 641/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de abril, número 641/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, formula a seguinte moción:

“Ante a proliferación constante de socavóns e desprendementos de calzada en numerosos viais da cidade, o Grupo Municipal do Partido Popular ven de recibir numerosas queixas dos veciños de Vigo, usuarios de ambulancias, turismos particulares, motos e bicicletas polas dificultades coas que se atopan para circular.

Os baches e socavóns proliferan en rúas sometidas a diferentes arranxos con fondos do Plan E, e outras nas que a falta de mantemento é evidente.

Así atopamos casos coma o da Avenida de Madrid, Pi y Margall, Canceleiro, Sanjurjo Badía, A Florida, Travesía de Vigo etc.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte os seguintes acordos:

Instar á Concellería de Fomento a elaborar un Plan de asfaltado e mantemento das

rúas da cidade”

A comisión informativa de Fomento, na súa sesión do 22 de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Traemos a Pleno unha moción na que temos que solicitar o arranxo de rúas e sobre todo o mantemento de servizos esenciais para os vigueses, como xa fixemos noutra ocasión, pero esta moción non tería sentido se non se engloba na restrá de mocións que levamos presentadas dende a oposición á marxe de ideoloxías por pura coherencia e por peticións insistentes dos veciños desta cidade para cubrir os servizos municipais básicos. Mocións por certo aprobadas todas por unanimidade pero que descansan, como sempre, tranquilamente nun caixón, mentres Vigo vai afundido día a día porque afunden as rúas e tamén a cidade.

Na moción de hoxe, logo de que se desenvolva en condicións o mantemento da zona e viais do rural como se aprobou por unanimidade, logo de que se desenvolva un plan de mellora do Sistema Hidráulico de Mellora de Teis como tamén se aprobou por unanimidade, pois a de hoxe fai referencia ao asfaltado de rúas e viais da cidade, superficies que sosteñen un volume inmenso e intenso de tráfico diario, porque aquí estamos falando sempre de paseos pero tamén hai que circular e conducir para saber o que se atopan cada día os condutores desta cidade.

Por citar algúns podemos falar de carrís de servizo da Avda. de Madrid que iso é penoso, Areal, Pi e Margall, Sanxurxo Badía, Travesía de Vigo, Jacinto Benavente etc, e non estou falando só de rúas que levan corenta anos sen tocar, estou falando de rúas que hai dous anos, un ano, tres anos que xa se tocaron, xa se investiu e arroxou bastantes cartos do Plan no seu arranxo.

Estes meses os condutores tamén teremos que pagar o Imposto de circulación de vehículos e a verdade é que amola bastante ter que facelo tal e como están as rúas porque non hai amortecedores nin neumáticos que o soporten, condutores de ambulancias, taxistas e motoristas e sobre todo ciclistas e motoristas que ás veces xóganse a vida e teñen que esquivar verdadeiros fochas, e non só fochas senón buratos e fochancas que son bastante elevados.

Xa que fala vostede tamén de vehículos eléctricos, complicado resulta circular en

vehículo eléctrico por esta cidade porque parece case o París-Dakar, está cheo dunha corrosión absoluta do asfaltado, e hai que telo en conta tamén non só para a xente que pasea senón tamén para a xente que circula en vehículo.

Dende o Goberno Municipal xa sabemos que comezarán a enxalzar ao Alcalde como salvador de Vigo, como salvador da súas rúas, pero primeiro que Vigo xa existía antes del, e íalle mellor por certo, e segundo agora vostedes son os responsables, levan seis anos no goberno e non están administrando ben os cartos destinados a Fomento, teñen que priorizalos, sempre o dicimos nestes Plenos, sempre ten que saír a colación o mesmo tema.

Están facendo obras de lavado de cara pero están deixando que Vigo se afunda literalmente, en sentido figurado tamén, porque as obras que xa fixeron, as rúas que non estaban con actuacións pero as que xa teñen actuacións tamén están agora nun estado lamentable, non hai mantemento desas rúas. Ao tempo que enloseta unha beirarrúa nun lado, outras tres rompen noutro lado da cidade de Vigo, aquí non hai ningún tipo de planificación nin de perspectiva de futuro, están rompendo xa as rúas que humanizaron hai só dous anos, ata se fan nesta cidade aniversarios de fochas algo que nunca se vira na historia de ningunha cidade.

Nós si estamos a favor das humanizacións, porque moitas veces pregúntannolo, ademais o goberno do Partido Popular deixou moitas infografías de como podería estar planificada esta cidade con urbanizacións dende o realismo e dende a planificación, e con prioridades. Agora fai falla, á marxe de liortas políticas e ideoloxías, recoñecer que o asfaltado desta cidade está en moi mal estado, e agora que xa pasou o mal tempo e xa non chove, hai que percorrer a cidade ben e hai que planificar e facer un plan concreto e asfaltar rúas que non están en condicións de transitar. Plan ademais que dure porque imos pagar agora un imposto que despois imos ter que gastar o triplo en amortecedores e en neumáticos.

Xa sabemos todos que nas estradas vostedes non poden esculpir nin impregnar Concellería de Fomento, nin impregnar Alcaldía pero poñan fotos nos semáforos o que queiran para saber que o fan vostedes, porque teñen que facelo igual aínda que non poidan presumir delo, teñen que facelo porque é necesario para todo condutor vigués.

Nós dicimos que as montañas de asfalto en diferentes cruces á saída do túnel, Avda. de Madrid, cruce de Colón, isto é un verdadeiro París-Dakar sobre todo para

os motoristas e para os condutores de ambulancias, para os taxistas, para a xente que está nun vehículo a diario e que teñen que trasladarse, é estritamente necesario que antes do verán se poñan vostedes a planificar iso e prioricen cartos que adican á humanizacións, mal feitas porque xa se esta rompendo o asfaltado.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sra. Egerique non lle dea vostede ideas porque son capaces de encargarse do asfaltado rotulado con “Concellería de Fomento e Alcaldía”. Nós imos apoiar esta moción baseándonos fundamentalmente no que estamos a ver cando visitamos os barrios e parroquias, e no que estamos escoitando cando falamos con asociacións de veciños ou con colectivos. Aquí está o problema que ten o Goberno Local e que non está a ver, nin a visitar as cuestións internas que afectan aos barrios e parroquias, só van de visitas cando teñen que inaugurar algo, cando teñen que humanizar e tampouco están a escoitar aos veciños e veciñas cando son críticos coa súa xestión.

Aquí vimos reclamando que un aspecto fundamental da democracia é escoitar, recibir a todo o mundo, incluso cando eses colectivos son críticos coa acción de goberno. Vostedes teñen un hándicap e déficit democrático, é non recibir aqueles veciños cando son críticos con vostedes, si se dedicaran máis a escoitar e a visitar, daríanse conta de que o que vostedes e nós tamén, criticabamos no seu momento, da Sra. Porro cando humanizou única e exclusivamente o centro de Vigo e nos xa o criticamos porque se estaba deixando abandonados os barrios e as parroquias. Iso que vostedes e nós criticabamos están empezando gravemente a facelo vostedes. Vostedes, Sr. Alcalde, están nestes momentos dividindo os vigueses e viguesas en dúas partes, os que foron e son humanizados e os que non foron nin van ser humanizados.

É importante as humanizacións, o Bloque Nacionalista Galego sempre estivo a favor das humanizacións, pero non vale para nada lavar a cara en certas zonas se despois deixamos abandonados aos que son os viais interiores dos barrios e parroquias, o que son a mobilidade real que os veciños e veciñas nos barrios e parroquias teñen que sufrir. Si é certo que en Teis, Cabral, San Roque, Castrelos, Sárdoma, Candeán etc., que nós temos visitado e temos comprobado como neses viais internos dos barrios e parroquias hai auténticas fochas por tódolos lados. Para os veciños e veciñas que os teñen que soportar é tan importante como para os

veciños e veciñas que se benefician das distintas humanizacións.

Polo tanto, se vostedes queren poñer en valor, e o están poñendo constantemente, a millóns que levan gastado nesta cidade en humanizacións, teñen que poñer en valor tamén o limpamento, a atención e o mantemento diario, porque pódese presumir dunha gran cidade, pódese dicir que temos rúas que son como as de New York, pero a calidade de vida dos vigueses e das viguesas non só están nesas grandes vías, porque os veciños de Teis, Cabral, San Roque pagan impostos exactamente igual que naquelas zoas que foron humanizadas e teñen os mesmos dereitos a ter os seus viais, as súas fincas e o seu entorno perfectamente mantidos porque iso igual que o outro tamén é calidade de vida.

Iso é o que queremos reclamar dende o Bloque Nacionalista Galego e por iso imos apoiar a moción presentada polo Partido Popular. escoiten aos colectivos, ás Asociacións de Veciños e non se dediquen só a inaugurar e a pasear, dedíquense tamén a algo que é elemental que é o mantemento diario dos nosos viais e das nosas corredeiras.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Señores do Bloque Nacionalista Galego e Partido Popular onte o Alcalde visitou Bouzas, Navia, Matamá, San Andrés de Comesaña, O Calvario, Teis e Cabral nun só día. Nunha desas parroquias un cidadá acercóuselle e díxolle “Alcalde fixo vostede máis en cinco anos que en cincuenta anos fixeron o resto dos Alcaldes”, iso é unha realidade que se atoparían se andasen pola cidade. Pero imos estar de acordo, Vigo necesita un plan de asfaltados e un plan de melloras nas súas rúas, porque non se pode consentir que a estrada de Coruxo-Canido da Deputación este nestas condicións, non se pode permitir que a PO-7003 este nestas condicións, que Meixoeiro-Cuvi este nesta situación, que fai o Sr. Figueroa como Vicepresidente da Deputación cando a PO-7003 Coruxo-Canido ten esta maleza nas súas rúas?. Aquí temos outro caso de Coruxo-Canido, outro caso máis de bolardos descoidados, estrada da Deputación Beade-Carneiras PO-7002 nesta situación. Temos unha cidade abandonada polos gobernos do Partido Popular, vemos como está Ramiro Pascual en Beade-Las Carneiras, estrada da Deputación, a estrada Vigo-La Garrida, la PO-7001, tamén da Deputación, eu si me teño que sentar como Vicepresidente da Deputación neste Pleno tendo así as estradas e vir a dicir que se arraxen as estradas da cidade e a esixir un plan, eu estaría moi

preocupado.

Fixarvos en que situación temos as estradas da Deputación estas son as condicións nas que a Deputación, a Xunta de Galicia, o Goberno de España teñen os viais, vemos exemplos, exemplos e exemplos. Por favor, para vir a este Pleno teñen que ter menos cara e vir cun plan da Deputación, da Xunta de Galicia, para que as rúas de Vigo se atopen nunha situación distinta.

Onte liamos na prensa nacional o seguinte artigo: “estrada sen coidar ou reparar, fai 800 días que o Ministerio de Fomento non licita un contrato para a reposición de firmes na calzada. A partida para o mantemento caeu un 30% dende o ano 2009. Segundo un estudo requírense 5.500 millóns para arranxar os viais. Vigo no 2013 vai investir na cidade quince millóns do seu Plan de Inversión, sete millóns do Plan de Acción de Aqualia e 1,7 millóns de actuacións no rural que se van facer dende este concello”.

Que diferenza, mentres os gobernos do Partido Popular deducen os Orzamentos no mantemento dos seus viais, nosoutros, no capítulo I do Concello de Vigo en mantemento de viais, subímolo un 4%, documento oficial. En gastos correntes, en bens e servizos da partida de Fomento subímolo un 43,85%, isto é crer na cidade, en inversións reais subimos este ano un 15,83%, documentos reais que están colgados, por transparencia porque nós somos un goberno transparente, na páxina do Concello de Vigo.

O Plan do Concello, humanización da rúa Menéndez Pelayo, ano 2013: 2,4 millóns; humanización da rúa Aragón, ano 2013: 2,5 millóns; rúa Brasil: 2,1 millóns; rúa Nicaragua: 2,525 millóns; rúa Martínez Garrido: 2,5 millóns, todo isto no 2013. Restauración da praza Paz Andrade en Bouzas, en San Andrés de Comesaña a beirarrúa de Pazó, en Coruxo a beirarrúa de Cesareo Vázquez, en Saiáns a beirarrúa do Pinal, en Beade a terraza pública sobre a estrutura en fronte do Centro Cultural, en Matamá o muro de Parada, en Valladares no Foxo e Campo Amor, en Sárdoma a curva de Lameiro que tanto reclamaban os veciños/as, en San Paio a rúa Areiro e Aguadiña, en Lavadores acceso ao antigo Concello, en Candeán a rúa Goleta e seguiría así toda a mañá.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Eu xa sabía que vostede ía a quitar un listado de cousas que fixeron por iso xa tiña aquí escrito máis ou menos a réplica, eu non

contaba coas fotografías e co panel informativo tan bonito.

Nós non dicimos que non estean facendo humanizacións xa sabemos que as están facendo pero estanas a facer mal e non están a priorizar, e como dixo o Sr. Domínguez mentres están asfaltando e humanizando unha rúa están rachando outras tres noutro extremo é iso e o que non ven e teñen que velo, teñen que priorizar nos investimentos e quizais unhas zonas e unhas beirarrúas que estean en mellores condicións pois deixalas, manter as que fixeron hai dous anos, non hai corenta, que xa se están rompendo e asfaltar as rúas e viais da cidade porque insisto isto é o París-Dakar. Hai ademais zonas colindantes nas parroquias e noutras zonas que non se poden transitar que están cheas de buratos.

Sr. Regades, á marxe de liortas políticas, esta cidade necesita un plan concreto de asfaltado e arranxar moitos buratos e fochas que quedan os camións incluso incrustados, os vehículos eléctricos e os motoristas. Esta cidade ten moitos motoristas que teñen os cus morados con tantos buratos que atopan cada vez que circulan por esta cidade, e motivo de risa pero é verdade, eu non son usuaria de moto, cóntanmo os veciños. Que o proxecto de humanizar comezouse hai anos e ten que ter unha planificación, pero nós nesta moción o que queremos e que poñan en marcha un plan concreto agora no verán, antes de que cheguen as choivas, de asfaltado correcto, adecuado, priorizado, que non anden a presumir do que fan ou do que non fan e atendan as necesidades dos veciños.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, instando a elaboración dun plan de asfaltado e mantemento das rúas da cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non houbo.

5(81).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVO A VERTIDOS ILEGAIS EN BEMBRIVE,

SR. ARAÚJO PEREIRA: O rogo é para a estimada concelleira de Medio Ambiente, non sei si sabe que dende hai meses en determinadas zonas da cidade estanse a facer vertidos ilegais en zona de monte forestal, poñémoslle por exemplo a zona a redor do campo das plantas de Bembrive e a zona lúdica do pavillón da mesma parroquia, rogámoslle que faga cumprir a lei e solicite informe destas actuacións e tome cartas no asunto en función da súas responsabilidades.

A PRESIDENCIA: Tomamos nota e procederemos.

6(82).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

*** PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AOS TRÁMITES E XESTIÓNS QUE ESTÁ A DESENVOLVER O GOBERNO LOCAL PARA POSTA EN MARCHA DO PLAN DE COMPENSACIÓN SOCIAL CONTRA A CRISE. EXPTE. 647/1101.**

SRA. VELOSO RÍOS: O Bloque Nacionalista Galego meteu por rexistro unha pregunta coa intención de que sexa respondida hoxe e oralmente para evitar esas demoras constantes nas preguntas que presentamos no Pleno que reciben a resposta por escrito bastante tempo máis tarde. A nosa pregunta é sobre os trámites e xestións que está a desenvolver o goberno local para a posta en marcha do Plan de Compensación Social contra a Crise, incluído nos orzamentos do ano 2013, cun importe global de 3.200.000 euros, que estaban destinados ás familias que necesitan atender as súas necesidades máis básicas nesta cidade, está a rematar o mes de abril e non temos noticias de que se estean elaborando as bases para a súa posta funcionamento. Así mesmo, preguntamos con que prazos para a súa posta en marcha traballa o goberno local?.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: En primeiro lugar, dicir que estaban e están para adicarse ao seu cometido, é dicir, para as persoas e familias máis desfavorecidas da cidade.

Como esta tramitación? a vostedes non se lles esqueza de que é algo complexa, nunca se fixo unha tramitación deste xeito, e simplemente con que nesas bases se poña un determinado tope de renda, que estean empadroados na cidade de Vigo e un par de cuestións máis, pódese imaxinar que pode haber trinta ou corenta mil solicitudes, iso ten unha gran complexidade. De aí que nós tiveramos un borrador feito das bases, vendo cos propios técnicos do concello como se pode facer de maneira que non haxa tanta complexidade e se lles facilite ás persoas as achegas que ao final é o que precisan.

Polo tanto, os prazos van a ser os máis breves, estamos vendo nesas bases se vai ser un pago único ou van ser varios pagos, dependendo dunha maneira ou outra a complexidade e moito maior, vostedes saben que neste Concello nunca se abordou algo deste volume en concorrencia competitiva, que ao final é así, sexa para persoas individuais ou para outros colectivos.

En todo caso, nós estamos preparando esas bases para que na súa tramitación teñan garantías absoluta e en canto teñamos os prazos, que van a ser o máis breves posibles, farémolos chegar porque dende o noso grupo o Partido Socialista tamén queremos recoñecer a súa colaboración na elaboración dos Orzamentos, en concreto nesta partida de 3.200.000 euros para atender estas necesidades de persoas o máis urxente posible.

Remato con ese recoñecemento ao seu Grupo Sra. Veloso Ríos.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ RELATIVO AS ACTUACIÓN PARA INSTAR Á CONCELLARÍA DE FOMENTO PARA CUMPRIR O PLAN DE MELLORA DE ABASTECIMENTO NO BARRIO DE TEIS.**

SR. ALONSO PÉREZ: No pleno ordinario de xaneiro deste ano 2013 aprobouse unha moción onde se instaba á concellaría de Fomento a realizar un Plan de Mellora de abastecemento no barrio de Teis.

Que medidas pensa tomar o goberno municipal e o seu alcalde e que esixencias lle vai propoñer a Aqualia para que se cumpra este acordo plenario?. E sobre a mesma temática outra: Motivado polas roturas das canalizacións na Avda. de Galicia, como saberá o goberno, producíronse anegamentos nos baixos de varios locais da zona. Cando pensa Aqualia proceder á indemnización correspondente aos afectados?.

A PRESIDENCIA: No prazo de cinco días terá a resposta por escrito.

* **PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, RELATIVO AS CONCESIÓNS DE CONVENIOS COS CLUBS DA CIDADE.**

SR. ARAÚJO PEREIRA: Preguntarlle ao concelleiro de Deportes cal é o criterio de concesión de convenios con clubs desta cidade, dado que dende determinadas institucións deportivas coméntannos que hai clubs que pagan instalacións e outros que non, non se lle responde cal é a motivación deste agravio comparativo.

A PRESIDENCIA: Contestármolles por escrito.

* **PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. BERNÁRDEZ DE DIOS RELATIVO AO CRITERIO DE DISTRIBUCIÓNS DOS FONDOS PÚBLICOS PARA AQUALIA.**

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Como contestación a unha pregunta presentada en sesión plenaria en dúas ocasións por este grupo municipal, remitíusenos en dous folios, sen ningún tipo de cabeceira, por parte do Concelleiro Delegado do Grupo Socialista, Sr. Regades, a distribución dos 180.000 euros anuais que a empresa concesionaria Aqualia destina a cofinanciar a entidades sociais, lúdicas, deportivas e culturais. Gustaríanos saber cal é o criterio para a distribución destes fondos públicos e cal é a fiscalización que se fai dende Intervención de estes Fondos Públicos.

A PRESIDENCIA: Constato que xa ten toda a información dos gastos que se efectuaron coa publicidade que lle da a Concellería de Fomento, con respecto aos criterios informármolles por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás

once horas e cincuenta e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.